En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10746**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“a necesidade de determinar con exactitude o risco de derrubamento do túnel romano de Montefurado, no concello de Quiroga e a asunción pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da toma de medidas para contrarrestalo ou reduci-lo”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 8.2.2018- ao darlle resposta á pregunta 23047 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:20
Nº Rexistro: 26791
Data envío: 22/02/2018 13:20:07.297

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:20:01



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13055**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está ao lado da legalidade e do interese xeral de Galicia e dos galegos e galegas, é dicir, da xeración de actividade económica e emprego dentro dun desenvolvemento sustentable. Neste obxectivo, o comercio de proximidade xoga un papel importante e, ademais, forma parte do patrimonio de todos nós.

Así pois, desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria estase a executar un Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia, que contempla 55 accións específicas ata 2020 para que o sector siga crescendo e gañe competitividade, ao igual que o pasado ano cando o comercio ratificou a súa recuperación cun aumento nas vendas polo miúdo dun 1,7% e do emprego dun 1,5%.

Respecto ao plan sectorial de equipamentos comerciais como o sinalado, indicar que o seu desenvolvemento é competencia municipal e este Goberno respecta en todo momento a autonomía local que está garantida constitucionalmente.

Respecto do funcionamento da comunidade de montes de Cabral, indicar que a actual xunta reitora anterior caducou en xuño de 2015 e estaba composta, fóra dalgúns vogais, polas mesmas persoas que a actual. A falta de renovación entre unha e outra se debeu a determinados problemas co censo de comuneiros que foron resoltos xudicialmente. Polo demais, a comunidade vén presentando regularmente as súas declaracións de reinversións, estatutos e censos de comuneiros. Tamén tramitou ao longo dos anos diversos actos de

disposición, expropiacións e permutas que afectaban o seu monte, per non consta ningunha solicitude relativa ao proxecto que se cita.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:19
Nº Rexistro: 26786
Data envío: 22/02/2018 13:19:14.468

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:19:09



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13356**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **“as emisións en directo da CRTVG”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Radio-Televisión de Galicia do 25.10.2017- ao darlle resposta á pregunta 13.355 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 10:49
Nº Rexistro: 26841
Data envío: 23/02/2018 10:49:39.393

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 10:49:34



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 15533**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a situación na que se atopa e as previsións do Goberno galego respecto da redacción e licitación do proxecto de construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de máis de 21 anos na provincia de Ourense, así como a data estimada para a súa entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida polo Secretario Xeral da Consellería de Política Social, na resposta á pregunta con número de rexistro 23358 incluída na orde do día da Comisión 5ª celebrada o 22 de febreiro de 2018, á que nos remitimos .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:26
Nº Rexistro: 27092
Data envío: 28/02/2018 13:26:23.001

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 13:26:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16899**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia referida ás deficiencias e carencias que presenta en materia de accesibilidade o edificio destinado ao Centro de Información á Muller de Mos, así como o control levado a cabo en relación co cumprimento da normativa vixente ao respecto”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Toda a documentación que consta no expediente de acreditación do Centro de Información á Muller de Mos foi remitida ao Parlamento de Galicia, a raíz da solicitude levada a cabo pola mesma deputada, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, na iniciativa con número de rexistro 16895.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26768
Data envío: 22/02/2018 13:15:43.061

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:15:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18558**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos últimos tres anos para apoiar o desenvolvemento da actividade emprendedora da muller no medio rural, sensibilizar e educar en igualdade desde a infancia ás mulleres e homes dese medio, así como contribuír á prevención e erradicación da violencia de xénero contra as mulleres, e a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de darlle prioridade ao obxectivo de acadar a paridade en todas as institucións, asociacións, entidades e órganos de presentación do rural”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está convencida da necesidade de seguir traballando para mellorar a situación das mulleres do ámbito rural, a través de accións que pasan por fomentar a súa visibilidade, impulsar unha igualdade real de oportunidades, promover a súa capacidade de emprender, e facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Así, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recolle diversos obxectivos relativos á muller rural. En concreto, no referente ao desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico; a reducir a brecha dixital de xénero, con especial incidencia no ámbito rural; e a apoiar o empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económico agrario, gandeiro e pesqueiro.

Cómpre recordar, ademais, que existe un análise da situación por parte do Consello Galego das Mulleres, no seo do que se creou a Comisión de Muller rural. En xuño de 2016 quedou aprobado o seu informe, un documento público e dispoñible na páxina web da Xunta.

Polo que atinxe ás accións de sensibilización, a Xunta de Galicia levou a cabo en 2017, as seguintes en municipios galegos, maioritariamente concellos do medio rural e,

concretamente nos que están adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero:

1.- 'Violencia de xénero e o novo contexto dixital', obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting...

2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións. O curso impártese por monitores e monitoras especialistas en defensa persoal e integrantes da Federación Galega de Loita.

3.- 'I'll be Watching You' II (Hei estar vixiándote II). Espectáculo lúdico-musical e pedagógico que analiza os roles de xénero que transmiten as cancións de temática amorosa

4. Exposicións:

4.1- 'Á Violencia de Xénero... Dille NON!', exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.

4.2.- 'Cartas de Amor', exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.

5.- Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- Charlas informativas sobre a violencia de xénero, a cargo de persoal do Centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.

7.- Charlas informativas sobre a trata de seres humanos, preferentemente mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a cargo de persoal especializado na atención ás vítimas deste delito denominado xa a nova escravitude do século XXI.



Ademáis destas actuacións levouse a cabo outra actuación nos concellos, denominada Programa MUMAI: Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero. Abordaxe da igualdade e da prevención violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia.

Por outra banda, o Goberno galego apoia a aquelas entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade a través dunha orde de axudas para o desenvolvemento das súas actividades á que concorren asociacións específicas de mulleres rurais e asociacións que presentan programas específicos para elas. En 2017 estes programas recibiron un financiamento de 227.744 €.

Lembrar, tamén, o apoio outorgado ao asociacionismo feminino e participación das mulleres. Das 94 asociacións de mulleres que recibiron subvención no marco desta Orde da Secretaría Xeral de Igualdade foron 67 as asociacións de mulleres rurais, o que supón o 71,3%.

Ademais, a Xunta de Galicia colabora e participa con AGACA nas xornadas formativas para mulleres do medio rural. E durante este ano tamén colaborou coas xornadas formativas e informativas de empoderamento das mulleres rurais que organiza CLUN, Cooperativas lácteas Unidas.

En canto aos programas no ámbito da educación, cabe sinalar que coa posta en marcha do PDR 2014-20 no ano 2016 empezouse a traballar no deseño de liñas de axudas e accións de formación dirixidas especificamente aos principais colectivos que conforman o tecido social do medio rural.

No ano 2017 iniciáronse accións de formación dirixidas aos mozos e mozas do rural galego para incentivar a incorporación á empresa agraria coa que se pretende dar resposta ao relevo xeneracional necesario para a continuidade das actividades económicas no eido da produción primaria no rural.

En total no ano 2018 adicarase un orzamento de 824.000 € para accións de transferencia de coñecementos destinada especificamente ás mulleres do rural co obxectivo de mellorar as

competencias profesionais das mesmas e impulsar o emprendemento da muller rural na procura da incorporación real da muller no tecido produtivo rural.

No que respecta a un módulo específico de igualdade estase a elaborar o mesmo nos programas de formación dos cursos de capacitación agraria para incorporación á empresa agraria, onde se está actualizando os contidos introducindo a perspectiva de xénero nos distintos módulos que o conforman.

Así mesmo estase a programar charlas de igualdade de xénero nos distintos centros de formación da Consellería do Medio Rural como complemento formativo dos ciclos de FP regradada que se están a impartir que se desenvolveran no segundo trimestre de 2018.

Por último, cómpre sinalar que das 140.930 explotacións rexistradas en Galicia, en 61.629 explotacións a titularidade corresponde a mulleres e en 79.301 a homes; é dicir, o 43,76% das explotacións galegas teñen como titular a mulleres e o 56,24 % a homes. No tocante ao número de explotacións de titularidade compartida, na nosa comunidade temos 17 casos, dentro da media estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:14
Nº Rexistro: 26762
Data envío: 22/02/2018 13:14:28.638

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:14:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18617**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as conclusións, a actividade desenvolvida e a composición da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada polo Goberno galego en abril de 2017, a opinión do Goberno galego respecto dos resultados das previsións orzamentarias e de investimento do Goberno central para o ano 2017, así como os datos referidos á porcentaxe de investimento estatal que posúe na actualidade Galicia e a estratexia negociadora que vai seguir en relación cos vindeiros orzamentos do Estado”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 22234, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada os días 6 e 7 de febreiro de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26759
Data envío: 22/02/2018 13:13:54.794

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:13:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20445**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co uso de linguaxe lesbófoba polo alcalde de Valga durante o desenvolvemento dun pleno no mes novembro de 2017, e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego rexeita calquera manifestación que vulnere o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero.

Por outra banda, cómpre sinalar que, segundo recolleron algúns medios de comunicación, dende o concello se indicou que a referida expresión empregada polo alcalde fora un erro léxico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:28
Nº Rexistro: 26794
Data envío: 22/02/2018 13:28:55.347

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:28:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20713**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento por parte da cidadanía galega das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 224 do 7 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero deben dirixirse a acadar a tolerancia cero da cidadanía ante este problema social.

Nesa tarefa é preciso que toda a cidadanía estea involucrada, recoñecendo a violencia de xénero coma un problema estrutural de extraordinaria importancia que, pola súa relevancia, require dunha resposta tamén estrutural e extraordinaria. Por iso, seguirase a traballar no eido da concienciación cidadá a través de campañas institucionais de sensibilización e outras accións de concienciación que impliquen a distintos axentes sociais na visibilización e rexeitamento desta lacra.

A Xunta de Galicia levou a cabo en 2017, as seguintes accións en municipios galegos, maioritariamente concellos do medio rural e, concretamente nos que están adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero:

1.- ‘Violencia de xénero e o novo contexto dixital’, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting...

2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións. O curso impártese por monitores e monitoras especialistas en defensa persoal e integrantes da Federación Galega de Loita.

3.- 'I'll be Watching You' II (Hei estar vixiándote II). Espectáculo lúdico-musical e pedagógico que analiza os roles de xénero que transmiten as cancións de temática amorosa

4. Exposicións:

4.1- 'Á Violencia de Xénero... Dille NON!', exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.

4.2.- 'Cartas de Amor', exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.

5.- Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- Charlas informativas sobre a violencia de xénero, a cargo de persoal do Centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.

7.- Charlas informativas sobre a trata de seres humanos, preferentemente mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a cargo de persoal especializado na atención ás vítimas deste delito denominado xa a nova escravitude do século XXI.

Ademáis destas actuacións levouse a cabo outra actuación nos concellos, denominada Programa MUMAI: Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero. Abordaxe da igualdade e da prevención violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia.

Por outra banda, o Goberno galego apoia a aquelas entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade a través dunha orde de axudas para o desenvolvemento das súas actividades á que concorren asociacións específicas de mulleres



rurais e asociacións que presentan programas específicos para elas. En 2017 estes programas recibiron un financiamento de 227.744 €.

Así mesmo, cómpre sinalar tamén o apoio outorgado ao asociacionismo feminino e participación das mulleres. Das 94 asociacións de mulleres que recibiron subvención no marco desta Orde da Secretaría Xeral de Igualdade foron 67 as asociacións de mulleres rurais, o que supón o 71,3%.

Por último, polo que atinxe á formación e concienciación no ámbito escolar, cómpre lembrar que na actualidade, o Goberno galego está a avanzar na prevención da violencia de xénero no ámbito educativo da man do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Sobre a formación do profesorado e alumnado dos centros educativos, na súa maior parte, esta formación estará incluída nas actividades levadas a cabo no Plan Anual de Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Incidirase na formación en coeducación, mediante estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo, en orientación, con especial atención na construción de identidades libres de estereotipos de xénero así como na diversidade afectiva e sexual, sen esquecer a problemática da violencia de xénero no ámbito educativo.

No curso 2017-2018 destaca a posta en marcha dun novo ciclo formativo de Promoción de igualdade de xénero de FP que o CIFP A Xunqueira (Pontevedra) é o primeiro en ofertar.

Neste curso tamén se volve ofrecer aos centros educativos a materia de libre configuración autonómica, 'Igualdade de xénero', dirixida ao alumnado de 1º e 2º de ESO.

Por outra banda, a maiores destes itinerarios formativos, estanse a levar a centros educativos diversas actuacións que se enmarcan no Plan Proxecta: exposicións e obradoiros para axudar a recoñecer condutas sexistas ('Á Violencia de Xénero... Dille NON!' ou 'Cartas de Amor'), entrega de materiais de traballo sobre a igualdade de xénero aos centros (enmarcada na iniciativa 'as maletas viaxeiras') e campañas (por exemplo, en maio de 2017 desenvolveuse en colaboración con Pantallas Amigas unha campaña para

concienciar á mocidade dos riscos do 'sexting' que dá continuidade a iniciativas anteriores neste eido).

No ámbito universitario, na segunda quincena de novembro de 2017, a Xunta de Galicia organizou as 'Xornadas de sensibilización e prevención da Violencia sexual na mocidade' nos sete campus galegos, en colaboración coas Unidades de Igualdade das tres Universidades galegas. O obxectivo das Xornadas foi a de previr futuros casos de violencia de xénero a través da formación en igualdade dos mozos e mozas galegos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:11
Nº Rexistro: 26750
Data envío: 22/02/2018 13:11:59.200

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:11:51



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21785**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de aplicar nos ámbitos escolares de forma preferente as primeiras accións de adecuación de espazos con perspectiva de xénero”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos en Galicia 2016-2020, aprobado en setembro de 2016 conta cun horizonte de realización que abrangue ata o curso 2019-2020 con moitas das súas 28 medidas xa en marcha ou completamente implantadas.

Concretamente ao respecto dos espazos de lecer compre mencionar que son obxectivo prioritario da Estratexia para a convivencia escolar en Galicia 2015-2020 Educonvives.gal, especialmente logo da diagnose da convivencia escolar en Galicia que, con carácter censual, supuxo o procesado de 200.000 cuestionarios válidos e case 20.000.000 de datos a nivel autonómico. Pero o máis importante é que cada centro educativo recibiu o seu informe personalizado de modo confidencial e automatizado, para a elaboración do seu propio Plan de Convivencia e a posta en marcha das medidas necesarias para a mellora da súa situación particular.

Independentemente das medidas que se tomen a nivel de comunidade autónoma e de modo centralizado, é importante que tanto a diagnose como as propostas de actuación e mellora partan do consenso do propio centro no seo da comunidade educativa. Doutro xeito as medidas non serán eficaces, non estarán contextualizadas e o seu éxito será moi parcial. Precisamente por iso a diagnose sobre convivencia tivo unha incidencia especial nos espazos de lecer como son os patios, as entradas e saídas e os comedores escolares.

Logo da presentación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos en Galicia 2016-2020 tivo lugar en Santiago á IV Xornada de atención á diversidade, unha actividade de formación masiva na que a ponencia inaugural centrouse expresamente en patios dinámicos, integradores e co-educativos a cargo da experta con maior traxectoria na xestión de patios dinámicos no noso país.

Tamén se abordou esta cuestión nos VI Encontros de atención á diversidade desde os departamentos de orientación e o equipo e orientación específico, toda vez que a reformulación dos patios permite que se tornen en espazos de relación e respecto mutuo para todas e todos. Máis de 500 profesionais diferentes asistiron a estas xornadas masivas.

A conxunción da formación específica, a sensibilización da rede de formación do profesorado e os diagnósticos de convivencia personalizados dos centro educativos posibilitaron que desde o curso pasado, máis de 20 centros veñan desenvolvendo Proxectos de Formación Permanente do Profesorado en centros orientados a redefinir os seus patios como dinámicos, respectuosos, participativos, coeducativos..., como sinala o título dun destes proxectos, 'O patio que soñamos'.

Debemos destacar que, non obstante, esta temática seguiu a ser incluída en actividades formativas de tipo curso para continuar co labor de concienciación e a rede de formación do profesorado leva adiante unha intensa labor de asesoramento para que cada vez máis centros aborden esta temática, pero sen perder a perspectiva de que son os centros os que teñen na súa man elixir esta temática e tratala, contando coa plena colaboración da consellería ao respecto, ben sexa a través da propia rede de formación, ben a través de contratos-programa na liña de convivencia e igualdade, á que se adscribiron este curso 230 centros para dar resposta ás súas necesidades concretas contando co soporte económico pertinente.

Tal é o nivel de implicación e da calidade dos traballos que os premios á innovación na formación permanente do profesorado 2017 recoñeceron o Plan de Formación Permanente do Profesorado do IES de Sanxenxo como o mellor PFPP da Provincia de Pontevedra e o mellor de Galicia (honra que comparte *ex aequo* co CEIP Plurilingüe do Ramo) precisamente polo seu proxecto sobre recreos dinámicos, integradores e respectuosos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:11
Nº Rexistro: 26747
Data envío: 22/02/2018 13:11:26.122

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:11:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:52
Nº Rexistro: 26919
Data envío: 26/02/2018 11:52:49.244

Data 26/02/2018 11:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12922**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“os resultados que se agarda acheguen os centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas tanto á universidade galega coma á sociedade en xeral”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21811 e debatida na Comisión 4ª de data 22/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:52
Nº Rexistro: 26919
Data envío: 26/02/2018 11:52:49.244

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 11:52:42



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13054**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está ao lado da legalidade e do interese xeral de Galicia e dos galegos e galegas, é dicir, da xeración de actividade económica e emprego dentro dun desenvolvemento sustentable. Neste obxectivo, o comercio de proximidade xoga un papel importante e, ademais, forma parte do patrimonio de todos nós.

Así pois, desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria estase a executar un Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia, que contempla 55 accións específicas ata 2020 para que o sector siga crescendo e gañe competitividade, ao igual que o pasado ano cando o comercio ratificou a súa recuperación cun aumento nas vendas polo miúdo dun 1,7% e do emprego dun 1,5%.

Respecto ao plan sectorial de equipamentos comerciais como o sinalado, indicar que o seu desenvolvemento é competencia municipal e este Goberno respecta en todo momento a autonomía local que está garantida constitucionalmente.

Respecto do funcionamento da comunidade de montes de Cabral, indicar que a actual xunta reitora anterior caducou en xuño de 2015 e estaba composta, fóra dalgúns vogais, polas mesmas persoas que a actual. A falta de renovación entre unha e outra se debeu a determinados problemas co censo de comuneiros que foron resoltos xudicialmente. Polo demais, a comunidade vén presentando regularmente as súas

declaracións de reinversións, estatutos e censos de comuneiros. Tamén tramitou ao longo dos anos diversos actos de disposición, expropiacións e permutas que afectaban o seu monte, per non consta ningunha solicitude relativa ao proxecto que se cita.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:19
Nº Rexistro: 26787
Data envío: 22/02/2018 13:19:25.484

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:19:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:19
Nº Rexistro: 26785
Data envío: 22/02/2018 13:19:04.000

Data 22/02/2018 13:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13138**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a solicitude polo Goberno galego á empresa eléctrica Endesa para a mellora da estrada Viana do Bolo-San Agustín-Poboado de San Sebastián”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 13232, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 205, do 6 de novembro de 2017, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:19
Nº Rexistro: 26785
Data envío: 22/02/2018 13:19:04.000

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:18:58



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13148**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proxecto elaborado pola Asociación Española de Maioristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) para a ampliación do IFEVI”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Feiral de Vigo, IFEVI, é un dos mellores escaparates cos que conta Galicia para a proxección dos produtos, os servizos e o traballo que desenvolven os principais sectores económicos galegos, e atraer novos investimentos. De feito, no calendario de actividades do recinto destacan dous grandes eventos de referencia a nivel europeo e internacional como son Conxemar e Navalia, que congregan a un número crecente de expositores e visitantes, facendo necesaria a súa ampliación.

Precisamente, para atender esta demanda e contribuír a abrir novas oportunidades de negocio para o noso tecido produtivo, a Xunta ten adxudicado o pasado ano un contrato para a execución das obras de ampliación das instalacións de IFEVI, que permitirán aumentar a superficie do recinto en 5.000 metros cadrados por preto de 3,25 millóns de euros, o que, ademais, terá un importante impacto na hostalería, restauración e comercio de Vigo e a súa contorna.

Estas obras dan continuidade aos traballos xa realizados por parte da Xunta. Deste xeito, a Administración galega levará investidos ao redor de 15 millóns de euros desde 2005 na modernización e mellora do recinto feiral.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:18
Nº Rexistro: 26782
Data envío: 22/02/2018 13:18:34.452

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:18:29

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13716**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“a participación do persoal investigador no deseño dun sistema de investigación de calidade”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego contou dende o primeiro momento co colectivo de investigadores para o deseño do sistema de investigación. Así, algunhas das alegacións formuladas ao proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma, por exemplo, polo colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal, foron aceptadas, de feito se inclúe a posibilidade de prórroga dos contratos e foron eliminadas as avaliacións pauper, malus, bonus ou eminens; así mesmo, para a redacción do proxecto contouse coa colaboración de persoal investigador.

Tamén foron aceptadas alegacións das Organizacións Sindicais con representación na Comisión de Persoal, de feito, na xuntanza celebrada o pasado 28 de marzo de 2017, o proxecto de Decreto tivo o voto a favor de UGT, a abstención de CC.OO e CSI-F e o voto en contra de CIG (por exemplo como consecuencia das alegacións sindicais modificouse o prazo previsto no artigo 7.2 e se modificou o artigo 27 de xeito que agora as avaliacións serán sempre motivadas).

Cómpre lembrar que os traballadores están representados polas organizacións sindicais do sector no que se negocian as cuestións de persoal e este tema negociouse con CIG, CCOO, CSIF e UGT lexítimos representantes dos traballadores. O que non se fai é negociar con cada un dos traballadores afectados nun tema xeral como pode ser este e menos facer un referendo para determinar cal é a opinión maioritaria sobre o tema. Ademais oíronse e estudáronse alegacións de colectivos e profesionais de todos os ámbitos da investigación que prestan servizo en todo tipo de entes dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, indicar que entendemos que o proxecto de Decreto viña a establecer unha mellora das condicións que actualmente ten o persoal investigador, non obstante, ante as inxerencias do persoal investigador, a Administración está estudando os diferentes modelos de desenvolvemento da “Ley de la Ciencia y Tecnología” nas diferentes CCAA e analizando as posibles alternativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:18
Nº Rexistro: 26781
Data envío: 22/02/2018 13:18:23.452

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:18:17



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13718**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a flota pesqueira de altura nos nosos estaleiros”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 22060 que tivo lugar na sesión plenaria do 6 de febreiro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-06?
part=dac42980-d566-4e75-98e2-684fe350b01f&start=13899](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-06?part=dac42980-d566-4e75-98e2-684fe350b01f&start=13899) .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:18
Nº Rexistro: 26780
Data envío: 22/02/2018 13:18:11.109

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:18:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13923**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento do preceptuado no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febrero, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade nos entes autonómicos dependentes da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Na xuntanza da Comisión Interdepartamental da Igualdade, celebrada o 4 de xullo de 2017, acordouse iniciar os traballo para a elaboración do I Plan para la igualdade entre mulleres e homes da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con este acordo a Comisión Interdepartamental da Igualdade dase cumprimento ao artigo 67 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade cando dí :

‘1.Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma.’

Así, e dando continuidade ao acordado, convocouse o pasado 23 de xaneiro de 2018 á Comisión Interdepartamental da Igualdade e un dos asuntos incluídos na orde do día foi dar conta do Informe sobre a elaboración do I Plan de igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia, no que se presentou un borrador de traballo así como se designou a unha persoa representante de cada unha das Consellerías para conformar un grupo de traballo dentro da Administración autonómica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:17
Nº Rexistro: 26776
Data envío: 22/02/2018 13:17:26.452

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:17:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27105

Data envío: 28/02/2018 14:46:26.656

Data 28/02/2018 14:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14230**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para actualizar o Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 8064 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 11dd11a6-61a0-99e3-fdc1-84581999b1d2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27105
Data envío: 28/02/2018 14:46:26.656

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 14:46:20



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14232**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intención do Goberno galego de estender ás listas de interinos a reserva legal para acceder ao emprego público para persoas con discapacidade intelectual”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O conselleiro de Facenda no Pleno do 6 e 7 de febreiro nunha interpelación do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia explicou que este Goberno non só cumpre a reserva legal de prazas de emprego para persoas con discapacidade, senón que a mellora.

En total a oferta de prazas para o ingreso nos corpos, escalas e especialidades de Administración xeral e especial, e categorías de persoal laboral para o ano 2016 inclúe: 46 prazas para persoas con discapacidade xeral, ás que hai que engadir 16 de acceso libre a cubrir con persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Por tanto, en termos porcentuais, a cota de reserva de prazas da oferta de emprego público para persoas con discapacidade acada unha porcentaxe na Xunta de Galicia do 8,68% do total, por riba do 7% de reserva legal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:16
Nº Rexistro: 26773
Data envío: 22/02/2018 13:16:50.077

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:16:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 18:21
Nº Rexistro: 27048

Data envío: 27/02/2018 18:21:27.236

Data 27/02/2018 18:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14240**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado no que se atopa o Fogar Residencial de Cerdedo (Pontevedra)”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 8459 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 18:21
Nº Rexistro: 27048
Data envío: 27/02/2018 18:21:27.236

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2018 18:21:07



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 27059

Data envío: 28/02/2018 11:22:38.063

Data 28/02/2018 11:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14280**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incremento de prazas na escola pública infantil de Allariz, pertencente ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 11436 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 27059
Data envío: 28/02/2018 11:22:38.063

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 11:22:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 27057

Data envío: 28/02/2018 11:22:18.984

Data 28/02/2018 11:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14282**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incremento de prazas na escola pública infantil de Viana do Bolo , pertencente ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 11442 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 27057
Data envío: 28/02/2018 11:22:18.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 11:22:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:21
Nº Rexistro: 27055

Data envío: 28/02/2018 11:21:58.984

Data 28/02/2018 11:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14290**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o motivo de non ter posto en marcha o centro de día de Leiro, pese a estar as obras rematadas”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 8204 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:21
Nº Rexistro: 27055
Data envío: 28/02/2018 11:21:58.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 11:21:55

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14353** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para o cumprimento da normativa vixente no vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, principalmente as especificacións reflectidas na autorización de impacto ambiental emitida para a súa instalación, e facer as xestións oportunas para evitar o depósito de residuos doutras comarcas galegas e doutros territorios do Estado”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.02.2018- pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao darlle resposta á pregunta 26032 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26900
Data envío: 26/02/2018 09:12:10.323

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:12:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14916**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario en relación coa violencia de xénero en menores”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade, o Goberno galego está a avanzar na prevención da violencia de xénero no ámbito educativo da man do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

No curso 2017-2018 destaca a posta en marcha dun novo ciclo formativo de Promoción de igualdade de xénero de FP que o CIFP A Xunqueira (Pontevedra) será o primeiro en ofertar.

Neste curso tamén se volve ofrecer aos centros educativos a materia de libre configuración autonómica, ‘Igualdade de xénero’, dirixida ao alumnado de 1º e 2º de ESO.

Por outra banda, a maiores destes itinerarios formativos, estanse a levar a centros educativos diversas actuacións que se enmarcan no Plan Proxecta: exposicións e obradoiros para axudar a recoñecer condutas sexistas (‘Á Violencia de Xénero... Dille NON!’ ou ‘Cartas de Amor’), entrega de materiais de traballo sobre a igualdade de xénero aos centros (enmarcada na iniciativa 0as maletas viaxeiras’) e campañas (por exemplo, en maio de 2017 desenvolveuse en colaboración con Pantallas Amigas unha campaña para concienciar á mocidade dos riscos do ‘sexting’ que dá continuidade a iniciativas anteriores neste eido).

No ámbito universitario, na segunda quincena de novembro de 2017, a Xunta de Galicia organizou as ‘Xornadas de sensibilización e prevención da Violencia sexual na mocidade’ nos

sete campus galegos, en colaboración coas Unidades de Igualdade das tres Universidades galegas. O obxectivo das Xornadas foi a de previr futuros casos de violencia de xénero a través da formación en igualdade dos mozos e mozas galegos.

Por último, cabe destacar que en decembro de 2017 a Xunta e a Fundación Meniños presentaron a posta en marcha dun programa pioneiro de intervención dirixido a mulleres, nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso e violencia sexual para axudarlles a afrontar os desaxustes físicos, emocionais, e relacionais que se producen como consecuencia do abuso.

Polo que atinxe á formación do persoal ao servizo da administración de xustiza, no que atinxe á formación a xuíces e fiscais, esta, en primeiro termo, depende do Consello Xeral do Poder Xudicial e da Fiscalía Xeral do Estado.

Malia isto, e co gallo de favorecer de forma concreta a formación continua dos xuíces e maxistrados destinados en Galicia, a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial.

Neste marco, durante o ano 2018 terá lugar o curso 'Violencia de xénero: aspectos procesais da fase de investigación e axuizamiento'.

Por outra banda, a EGAP ofertará formación ao persoal ao servizo da administración de xustiza de Galicia. Sen prexuízo doutras actividades que poidan organizarse ao longo do ano sobre esta materia a maiores do previsto no plan de formación, a actividade formativa específica nesta materia para o persoal que intervéñ nos procesos xudiciais incluída no plan formativo para o 2018 leva por título 'Violencia de xénero e familiar. Tramitación'.

Os obxectivos específicos da actividade son os seguintes:

- Estudar os tipos penais mas característicos da violencia de xénero.
- Distinguir en que asuntos é competente un xulgado de violencia sobre a muller.
- Coñecer cales son os procedementos ante este xulgado e como se tramitan.
- Saber que medidas xudiciais de protección e seguridade poden ser adoptadas a favor das vítimas.



Por último, cómpre sinalar que unha das prioridades do Goberno galego na loita contra a violencia de xénero vén sendo a mellor coordinación entre as diferentes instancias que atenden á vítima na súa relación coa administración. Así, medidas como o Protocolo interinstitucional contra a violencia de xénero publicado no pasado ano ou o impulso das Mesas Locais de Coordinación veñen afondar neste particular, con especial atención a evitar a vitimización secundaria e preservar a intimidade da vítima.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:16
Nº Rexistro: 26770
Data envío: 22/02/2018 13:16:10.045

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:16:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27101

Data envío: 28/02/2018 14:45:48.078

Data 28/02/2018 14:45

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15497**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o prazo previsto polo Goberno galego para solucionar as deficiencias e carencias detectadas na prestación de servizos, as condicións laborais do persoal e o estado de conservación das instalacións dos centros de atención directa da provincia da Coruña**”, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 8179 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: aa25eb39-5275-f2f2-c433-8ecf5e2e16a0

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27101
Data envío: 28/02/2018 14:45:48.078

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 14:45:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15499**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o prazo previsto pola Xunta de Galicia para atender as demandas existentes na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros**”, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 10672 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: cbb8f211-83e2-dcf4-5c71-96ade66c70e7

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27100
Data envío: 28/02/2018 14:45:36.156

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 14:45:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:21
Nº Rexistro: 27052
Data envío: 28/02/2018 11:21:28.593

Data 28/02/2018 11:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15534**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a fase na que se atopa o proxecto de construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de máis de 21 anos na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida polo Secretario Xeral da Consellería de Política Social, na resposta á pregunta con número de rexistro 23358 incluída na orde do día da Comisión 5ª celebrada o 22 de febreiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 11:21
Nº Rexistro: 27052
Data envío: 28/02/2018 11:21:28.593

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2018 11:21:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16621**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casas Vidal, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á creación dunha conta bancaria de servizos mínimos esenciais”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dou traslado do acordo parlamentario aprobado na Comisión 3ª do 9 de xuño de 2017 á Secretaria General del Tesoro y Política Financiera do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad e así mesmo dirixiuse a todas as entidades bancarias con actividade en Galicia dándolle traslado do acordo parlamentario.

O Goberno central aprobou en novembro pasado o Real Decreto-Ley 19/2017, de 24 de novembro, de cuentas de pago y comparabilidad de comisiones polo que regula as contas de pago básicas, incorporando ao ordenamento español o previsto na Directiva 204/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade das comisións conexas ás contas de pago, o traslado de contas de pago e o acceso a contas de pago básicas..”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26769
Data envío: 22/02/2018 13:15:55.280

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:15:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26986
Data envío: 27/02/2018 09:00:43.208

Data 27/02/2018 09:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17653**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do programa denominado Bono de alugueiro social desde a súa posta en marcha”**, (publicada no BOPG número 187 do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 21925, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 20 e 21 de febreiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26986
Data envío: 27/02/2018 09:00:43.208

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2018 9:00:35



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17659**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os programas postos en marcha polo Goberno galego para apoiar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións nas zonas rurais, mediante actividades formativas dirixidas a impulsar a súa presenza en áreas e sectores onde estean infrarrepresentadas”**, (publicada no BOPG número 187 do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 20.10.2017- pola secretaria xeral de Igualdade ao darlle resposta á pregunta 17657 sobre similar tema e formulada polos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26766
Data envío: 22/02/2018 13:15:22.545

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:15:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18556**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de traballar para mellorar a situación de maior vulnerabilidade da muller do ámbito rural e atender as súas singularidades”**, (publicada no BOPG número 195 do 18 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está convencida da necesidade de seguir traballando para mellorar a situación das mulleres do ámbito rural, a través de accións que pasan por fomentar a súa visibilidade, impulsar unha igualdade real de oportunidades, promover a súa capacidade de emprender, e facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Así, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recolle diversos obxectivos relativos á muller rural. En concreto, no referente ao desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico; a reducir a brecha dixital de xénero, con especial incidencia no ámbito rural; e a apoiar o empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económico agrario, gandeiro e pesqueiro.

Cómpre recordar, ademais, que existe un análise da situación por parte do Consello Galego das Mulleres, no seo do que se creou a Comisión de Muller rural. En xuño de 2016 quedou aprobado o seu informe, un documento público e dispoñible na páxina web da Xunta.

Polo que atinxe ás accións de sensibilización, a Xunta de Galicia levou a cabo en 2017, as seguintes en municipios galegos, maioritariamente concellos do medio rural e,

concretamente nos que están adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero:

1.- 'Violencia de xénero e o novo contexto dixital', obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting...

2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións. O curso impártese por monitores e monitoras especialistas en defensa persoal e integrantes da Federación Galega de Loita.

3.- 'I'll be Watching You' II (Hei estar vixiándote II). Espectáculo lúdico-musical e pedagógico que analiza os roles de xénero que transmiten as cancións de temática amorosa

4. Exposicións:

4.1- 'Á Violencia de Xénero... Dille NON!', exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.

4.2.- 'Cartas de Amor', exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.

5.- Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- Charlas informativas sobre a violencia de xénero, a cargo de persoal do Centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.

7.- Charlas informativas sobre a trata de seres humanos, preferentemente mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a cargo de persoal especializado na atención ás vítimas deste delito denominado xa a nova escravitude do século XXI.



Ademáis destas actuacións levouse a cabo outra actuación nos concellos, denominada Programa MUMAI: Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero. Abordaxe da igualdade e da prevención violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia.

Por outra banda, o Goberno galego apoia a aquelas entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade a través dunha orde de axudas para o desenvolvemento das súas actividades á que concorren asociacións específicas de mulleres rurais e asociacións que presentan programas específicos para elas. En 2017 estes programas recibiron un financiamento de 227.744 €.

Lembrar, tamén, o apoio outorgado ao asociacionismo feminino e participación das mulleres. Das 94 asociacións de mulleres que recibiron subvención no marco desta Orde da Secretaría Xeral de Igualdade foron 67 as asociacións de mulleres rurais, o que supón o 71,3%.

Ademais, a Xunta de Galicia colabora e participa con AGACA nas xornadas formativas para mulleres do medio rural. E durante este ano tamén colaborou coas xornadas formativas e informativas de empoderamento das mulleres rurais que organiza CLUN, Cooperativas lácteas Unidas.

En canto aos programas no ámbito da educación, cabe sinalar que coa posta en marcha do PDR 2014-20 no ano 2016 empezouse a traballar no deseño de liñas de axudas e accións de formación dirixidas especificamente aos principais colectivos que conforman o tecido social do medio rural.

No ano 2017 iniciáronse accións de formación dirixidas aos mozos e mozas do rural galego para incentivar a incorporación á empresa agraria coa que se pretende dar resposta ao relevo xeneracional necesario para a continuidade das actividades económicas no eido da produción primaria no rural.

En total no ano 2018 adicárase un orzamento de 824.000 € para accións de transferencia de coñecementos destinada especificamente ás mulleres do rural co obxectivo de mellorar as

competencias profesionais das mesmas e impulsar o emprendemento da muller rural na procura da incorporación real da muller no tecido produtivo rural.

No que respecta a un módulo específico de igualdade estase a elaborar o mesmo nos programas de formación dos cursos de capacitación agraria para incorporación á empresa agraria, onde se está actualizando os contidos introducindo a perspectiva de xénero nos distintos módulos que o conforman.

Así mesmo estase a programar charlas de igualdade de xénero nos distintos centros de formación da Consellería do Medio Rural como complemento formativo dos ciclos de FP regradada que se están a impartir que se desenvolveran no segundo trimestre de 2018.

Por último, cómpre sinalar que das 140.930 explotacións rexistradas en Galicia, en 61.629 explotacións a titularidade corresponde a mulleres e en 79.301 a homes; é dicir, o 43,76% das explotacións galegas teñen como titular a mulleres e o 56,24 % a homes. No tocante ao número de explotacións de titularidade compartida, na nosa comunidade temos 17 casos, dentro da media estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:14
Nº Rexistro: 26764
Data envío: 22/02/2018 13:14:54.217

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:14:49



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18616**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o resultado da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada polo Goberno galego en abril de 2017”**, (publicada no BOPG número 195 do 18 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 22234, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada os días 6 e 7 de febreiro de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:14
Nº Rexistro: 26760
Data envío: 22/02/2018 13:14:06.341

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:14:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26757
Data envío: 22/02/2018 13:13:33.997

Data 22/02/2018 13:13

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20418**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a derogación da Lei 1/2012, do 20 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 219 do 29 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada os días 19 e 20 de decembro de 2017, polo conselleiro de Facenda ao dar resposta a interpelación do mesmo Grupo Parlamentario con número 20422”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26757
Data envío: 22/02/2018 13:13:33.997

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:13:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20444**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación co uso de linguaxe lesbófoba polo alcalde de Valga durante o desenvolvemento dun pleno no mes novembro de 2017”**, (publicada no BOPG número 219 do 29 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego rexeita calquera manifestación que vulnere o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero.

Por outra banda, cómpre sinalar que, segundo recolleron algúns medios de comunicación, dende o concello se indicou que a referida expresión empregada polo alcalde fora un erro léxico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:12
Nº Rexistro: 26753
Data envío: 22/02/2018 13:12:52.216

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:12:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20711**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incremento polo Goberno galego das campañas de sensibilización e concienciación específicas sobre violencia de xénero no ámbito rural”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero deben dirixirse a acadar a tolerancia cero da cidadanía ante este problema social.

Nesa tarefa é preciso que toda a cidadanía estea involucrada, recoñecendo a violencia de xénero coma un problema estrutural de extraordinaria importancia que, pola súa relevancia, require dunha resposta tamén estrutural e extraordinaria. Por iso, seguirase a traballar no eido da concienciación cidadá a través de campañas institucionais de sensibilización e outras accións de concienciación que impliquen a distintos axentes sociais na visibilización e rexeitamento desta lacra.

A Xunta de Galicia levou a cabo en 2017, as seguintes accións en municipios galegos, maioritariamente concellos do medio rural e, concretamente nos que están adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero:

- 1.- ‘Violencia de xénero e o novo contexto dixital’, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting...
- 2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17652**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do programa denominado Bono de alugueiro social desde a súa posta en marcha”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 21925, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 20 e 21 de febreiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26987
Data envío: 27/02/2018 09:07:14.492

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2018 9:06:54



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20292**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre “ **as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa aplicación da lexislación ambiental vixente aos proxectos mineiros aprobados nos anos 2009 e 2011 para as minas de San Finx e Santa Comba, a concesión de aproveitamento de augas aprobada en 2016 e a solicitude de autorización de vertidos que está a tramitar Augas de Galicia para a mina de San Finx**”, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 22670 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2018 da Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-02-15?part=f6b2e63f-0b9d-465b-bcd8-a43af13aa1bf&start=2972.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26758
Data envío: 22/02/2018 13:13:45.044

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:13:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21484**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as vantaxes que supón para a veciñanza a implantación dun parque eólico preto das súas vivendas, as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para paliar e compensar os danos causados pola súa proliferación e o cumprimento no de Mouriños das directrices da paisaxe que está a elaborar o Goberno galego”**, (publicada no BOPG número 230 do 209 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 22764 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2018 da Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-02-15?part=f6b2e63f-0b9d-465b-bcd8-a43af13aa1bf&start=4498.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-02-15?part=f6b2e63f-0b9d-465b-bcd8-a43af13aa1bf&start=4498)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:11
Nº Rexistro: 26749
Data envío: 22/02/2018 13:11:45.700

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:11:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:53
Nº Rexistro: 26920
Data envío: 26/02/2018 11:53:01.229

Data 26/02/2018 11:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12921**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“os resultados que se agarda acheguen os centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas tanto á universidade galega coma á sociedade en xeral”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21811 e debatida na Comisión 4ª de data 22/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:53
Nº Rexistro: 26920
Data envío: 26/02/2018 11:53:01.229

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 11:52:54



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:53
Nº Rexistro: 26923
Data envío: 26/02/2018 11:53:49.041

Data 26/02/2018 11:53

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3948**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“as competencias da Xunta de Galicia sobre as pezas do Museo Etnográfico situado nas instalacións do CPI Monte Caxado das Pontes de García Rodríguez, a súa información en relación coa cesión deses fondos a unha entidade privada e as medidas previstas para o cumprimento da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 3949 e na Comisión 4ª de data 22/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:53
Nº Rexistro: 26923
Data envío: 26/02/2018 11:53:49.041

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 11:53:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15076**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e don Antón Sánchez García, sobre **“o baixo nivel de execución así como a falta de transparencia da Xunta de Galicia na xestión dos recursos do Fondo de Compensación Interterritorial, reflectida esta polo Consello de Contas de Galicia no seu informe de fiscalización, e as súas causas”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O procedemento de xestión do FCI iníciase coa identificación daqueles proxectos de investimento incluídos nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia que son susceptibles de ser financiados coa dotación que en cada exercicio é asignada á Comunidade Autónoma de acordo cos parámetros legalmente previstos na Lei 22/2001, do 27 de decembro reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial.

Unha vez identificados, os proxectos son comunicados á Administración Xeral do Estado para fixalos de común acordo no seno do Comité Público de Investimentos de acordo co previsto no artigo 7 da citada Lei do FCI.

Unha vez iniciada a execución do orzamento da Comunidade Autónoma, cando se alcanzan determinados fitos na execución orzamentaria, remítenselle á Administración Central as correspondentes certificacións.

Estes fitos son, en primeiro lugar, cando no proxecto se adxudica a obra ou o subministro, momento no que se pode certificar o 25% do gasto executado. O 50% do importe certificarase cando a execución do proxecto acade esa mesma porcentaxe, e finalmente o 25% restante certifícase cando xa estea executada a totalidade do proxecto.

Porén, para esta segunda e terceira certificación deben ter transcorrido dous e tres trimestres, respectivamente, dende o inicio do exercicio ao que se refiren os fondos.

De acordo con este procedemento, e tendo en conta que nos proxectos de investimentos poden existir múltiples motivos que retrasen ou modifiquen os prazos inicialmente previstos para a execución, o volume de gasto que se pode certificar no exercicio depende do grao de avance en cada un dos proxectos.

Hai que recordar tamén que a execución do FCI non vai acompañada coa execución orzamentaria como consecuencia do procedemento de certificación de gastos.

É importante subliñar que nos supostos nos que a execución dos proxectos non finaliza antes do peche do exercicio este financiamento se incorpora ao seguinte exercicio orzamentario, sen que isto supoña perdas de recursos, tal e como se recolle no artigo 8.5 da Lei 22/2001, do 27 de decembro reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, que sinala que:

‘Consonte o disposto no artigo 16. Nove da Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas, os remanentes dos créditos dos Fondos nun exercicio económico quedarán afectos nos seguintes á execución e posta en marcha ou en funcionamento do respectivo proxecto de investimento ou, no seu caso, do que o substitúa, a cuxos efectos os ditos remanentes serán incorporados automaticamente’.

Os informes do Consello de Contas avalan a execución que fai Galicia do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), xa que as súas recomendacións non se refiren á forma de programar e de executar este fondo.

Ademais, o propio Consello de Contas destaca que Galicia é a comunidade autónoma que maior grao de diversificación fai deste fondo, pese a que para a Administración sería máis sinxelo concentrar o fondo nun menor número de proxectos.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26899
Data envío: 26/02/2018 09:12:00.011

En todo caso, convén destacar que Galicia conseguiu reducir de xeito notable o remanente do FCI pendente de execución, que a peche de 2008 era de preto de 200 millóns de euros e a peche de 2017 reduciuse a só 10,2 millóns.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26899
Data envío: 26/02/2018 09:12:00.011

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:11:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15078**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa evolución dos recursos asignados a Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial e o recorte da contía global dese fondo no conxunto do Estado, reflectido no Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia do exercicio 2014, as razóns da baixada da participación de Galicia nel e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 12 de xullo o Conselleiro de Facenda deu resposta á interpelación con número de rexistro 7198 sobre o FCI, do Grupo Parlamentario Socialista, na que explicou as circunstancias da forte diminución da dotación global do FCI e as dúas razóns de por que en Galicia o FCI baixou máis que no resto de España: primeiro porque o FCI se reparte tendo en conta a renda per cápita, e nos últimos anos a evolución da renda per cápita de Galicia foi mellor que noutras CCAA, e segundo porque Galicia tivo tamén unha mellor evolución da taxa de paro.

Tal e como ten transmitido o Goberno galego en diferentes ocasións o FCI, non conta cunha dotación suficiente para corrixir os desequilibrios territoriais entre as distintas comunidades autónomas pero esta insuficiencia na dotación non obedece unicamente ao drástico descenso da base de cálculo.

Por isto tal e como aprobou o pleno do Parlamento de Galicia o pasado 12 de setembro ‘o Goberno galego demandará do Goberno de España, unha vez concluída a reforma do sistema de financiamento actualmente en proceso, o inicio dun proceso de diálogo coas Comunidades Autónomas para a reforma legal do Fondo de Compensación Interterritorial, de xeito que a nova regulación contemple:

1. A transformación do actual FCI (Fondo xeral e Fondo complementario) nun instrumento potente de desenvolvemento rexional que poida compensar a eventual perda de fondos europeos.

2. O incremento substancial do volume de recursos a aplicar ao novo Fondo, de xeito que se estableza nunha porcentaxe do PIB que permita alcanzar como mínimo as dotacións do período 2000-2007.

3. A consideración do gasto non financeiro da Administración Xeral do Estado como base de cálculo, para elevar a estabilidade dinámica (reducir a variabilidade cíclica) do novo Fondo.

4. O criterio de selección das comunidades beneficiarias, que debe ser o nivel de renda por habitante inferior ao promedio español.

5. Unha reconsideración dos criterios de asignación dos recursos do novo Fondo entre as comunidades beneficiarias, que manteña un compoñente redistributivo (poboación ponderada pola inversa do nivel relativo da renda por habitante de cada comunidade) e un compoñente distributiva que inclúa variables territoriais que reflictan o asentamento poboacional.

6. O Consello de Política Fiscal ou Financeira ou organismo que o poida substituír establecerá as grandes liñas estratéxicas de actuación para o novo Fondo en cada período, compatibles coa planificación estratéxica das ccaa destinatarias do mesmo –establecida a partir das decisións de cada Parlamento-.

7. Incorporar unha ferramenta de avaliación ex ante e ex-post dos programas en que se concreta a estratexia de cada comunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26898
Data envío: 26/02/2018 09:11:44.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:11:40



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18615**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as conclusións, a actividade desenvolvida e a composición da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada polo Goberno galego en abril de 2017, a opinión do Goberno galego respecto dos resultados das previsións orzamentarias e de investimento do Goberno central para o ano 2017, así como os datos referidos á porcentaxe de investimento estatal que posúe na actualidade Galicia e a estratexia negociadora que vai seguir en relación cos vindeiros orzamentos do Estado”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 22234, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada os días 6 e 7 de febreiro de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:14
Nº Rexistro: 26761
Data envío: 22/02/2018 13:14:17.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:14:11



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20049**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance do comité de seguimento dos investimentos do Estado en Galicia no ano 2017, as xuntanzas levadas a cabo e a avaliación que realizou, así como as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento dos compromisos orzamentarios”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 22234, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada os días 6 e 7 de febreiro de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 10:49
Nº Rexistro: 26839
Data envío: 23/02/2018 10:49:18.721

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 10:49:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20424**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da derogación da Lei 1/2012, do 20 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia e a restauración das condicións laborais existentes antes da súa entrada en vigor, así como o establecemento coas organizacións sindicais dun calendario de recuperación do complemento específico ou concepto equivalente suprimido nas pagas extraordinarias de 2013, 2014, 2015 e 2016”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada os días 19 e 20 de decembro de 2017, polo conselleiro de Facenda ao dar resposta a interpelación do mesmo Grupo Parlamentario con número 20422”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26755
Data envío: 22/02/2018 13:13:11.982

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:13:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13924**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento do preceptuado no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febrero, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade nos entes autonómicos dependentes da Xunta de Galicia, os seus orzamentos e o programa de seguimento”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Na xuntanza da Comisión Interdepartamental da Igualdade, celebrada o 4 de xullo de 2017, acordouse iniciar os traballo para a elaboración do I Plan para la igualdade entre mulleres e homes da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con este acordo a Comisión Interdepartamental da Igualdade dase cumprimento ao artigo 67 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade cando dí :

‘1.Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma.’

Así, e dando continuidade ao acordado, convocouse o pasado 23 de xaneiro de 2018 á Comisión Interdepartamental da Igualdade e un dos asuntos incluídos na orde do día foi dar conta do Informe sobre a elaboración do I Plan de igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia, no que se presentou un borrador de traballo así como se designou a unha persoa representante de cada unha das Consellerías para conformar un grupo de traballo dentro da Administración autonómica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:17
Nº Rexistro: 26775
Data envío: 22/02/2018 13:17:16.139

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:17:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18045**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación cos datos reflectidos no IX Informe anual do Observatorio estatal de violencia sobre a Muller 2015, as medidas que está a por en marcha para previr e erradicar estas situacións, así como a realización dalgunha análise específica referida ás causas do significativo aumento das vítimas mortais en Galicia nos anos 2014 e 2015 e, especificamente a alta taxa de feminicidios na provincia de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A violencia de xénero é un delito a perseguir coa implicación de todos e todas.

En Galicia, as vítimas mortais por violencia de xénero, de acordo cos datos rexistrados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, nos últimos anos foi o seguinte:

2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
1	0	6	7	3	2	3	4	3	6	8	3	2

A violencia de xénero maniféstase de moi diversas formas, en todas as culturas e países, en todas as clases sociais e en todas as idades. E como é sabido, as estatísticas amosan só unha pequena parte da súa magnitude total.

Por este motivo, a política da Xunta de Galicia dende o ano 2013 vén sendo a do incremento sostido dos recursos destinados á prevención e loita contra a violencia exercida sobre as mulleres, destacando especialmente o incremento rexistrado no orzamento do programa contra a violencia de xénero o pasado ano 2017 (dun 31,14%).

A erradicación da violencia machista debe constituír unha prioridade para as diferentes administracións. Neste convencemento, o 28 de setembro de 2017, aprobouse o primeiro Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. Nel incluíronse as achegas aprobadas no Parlamento de Galicia por unanimidade de todos os grupos políticos e presentadas na Comisión Xeral das Comunidades. Autónomas no Senado o 9 de marzo de 2017.

Neste marco, dende o Goberno galego impulsáronse nos últimos meses dúas medidas de calado que cabe destacar. Por unha banda, no Pleno do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero celebrado o 10 de xullo de 2017, aprobouse o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero con propostas para sensibilizar en violencia de xénero, incluíndo tamén protocolos de actuación en todos os ámbitos, como o educativo, o sanitario, o xurídico ou o social.

Por outra banda, o Consello da Xunta do 13 de xullo de 2017 aprobou o proxecto de decreto que regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da nosa Comunidade, que é así pioneira a nivel estatal no compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e en contra da violencia de xénero.

Desta maneira, todo o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, o persoal docente, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o persoal ao servizo da Administración de xustiza e o persoal funcionario do corpo de Policía autonómica, serán formados neste eido. Ademais, no caso do persoal de novo ingreso que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento terán carácter obrigatorio.

Os contidos que se impartirán na formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero abordan materias a como igualdade de xénero, mainstreaming, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres.

O 2 de outubro de 2017 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a prestación de asistencia psicolóxica e apoio ás vítimas de violencia de xénero nas oficinas de atención ás vítimas, dependentes dos Decanatos das sete cidades galegas.

Este convenio ten por finalidade a prestación de asistencia psicolóxica e apoio ás vítimas da violencia de xénero, conforme ao previsto na Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, que no seu artigo 10 dispón que toda vítima ten dereito a acceder de forma gratuíta o servizos de asistencia e apoio que presten as oficinas de asistencia ás vítimas, recollendo tamén no seu artigo 28 que as ditas oficinas poderán incluír entre as medidas de asistencia e apoio que deba ser prestada ás vítimas e en atención á valoración das súas circunstancias, a prestación de apoio ou asistencia psicolóxica.



O obxectivo deste convenio é dar o apoio e a asistencia psicolóxica especializada nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes nos xulgados de A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, por parte de persoal especializado e seleccionado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

O 15 de novembro de 2017 asinouse o Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a FEGAMP, para o impulso da rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e para promover a constitución ou activación das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

Renovouse así o protocolo xa asinado no ano 2012 entre Xunta de Galicia, concretamente a S.X da Igualdade e a FEGAMP no que se promovía a creación en aquel entón da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero.

Pasados 5 anos desa primeira sinatura de colaboración entre ambas as administracións para realizar accións de sensibilización social contra a violencia de xénero, pódense dicir a día de hoxe que son xa 188 concellos galegos os que están adheridos á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26765
Data envío: 22/02/2018 13:15:03.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:14:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18557**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos últimos tres anos para apoiar o desenvolvemento da actividade emprendedora da muller no medio rural, sensibilizar e educar en igualdade desde a infancia ás mulleres e homes dese medio, así como contribuír á prevención e erradicación da violencia de xénero contra as mulleres, e a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de darlle prioridade ao obxectivo de acadar a paridade en todas as institucións, asociacións, entidades e órganos de presentación do rural”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está convencida da necesidade de seguir traballando para mellorar a situación das mulleres do ámbito rural, a través de accións que pasan por fomentar a súa visibilidade, impulsar unha igualdade real de oportunidades, promover a súa capacidade de emprender, e facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Así, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recolle diversos obxectivos relativos á muller rural. En concreto, no referente ao desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico; a reducir a brecha dixital de xénero, con especial incidencia no ámbito rural; e a apoiar o empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económico agrario, gandeiro e pesqueiro.

Cómpre recordar, ademais, que existe un análise da situación por parte do Consello Galego das Mulleres, no seo do que se creou a Comisión de Muller rural. En xuño de 2016 quedou aprobado o seu informe, un documento público e dispoñible na páxina web da Xunta.

Polo que atinxe ás accións de sensibilización, a Xunta de Galicia levou a cabo en 2017, as seguintes en municipios galegos, maioritariamente concellos do medio rural e, concretamente nos que están adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero:

1.- ‘Violencia de xénero e o novo contexto dixital’, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting...

2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións. O curso impártese por monitores e monitoras especialistas en defensa persoal e integrantes da Federación Galega de Loita.

3.- ‘I’ll be Watching You’ II (Hei estar vixiándote II). Espectáculo lúdico-musical e pedagógico que analiza os roles de xénero que transmiten as cancións de temática amorosa

4. Exposicións:

4.1.- ‘Á Violencia de Xénero... Dille NON!’, exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.

4.2.- ‘Cartas de Amor’, exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.

5.- Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- Charlas informativas sobre a violencia de xénero, a cargo de persoal do Centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.



7.- Charlas informativas sobre a trata de seres humanos, preferentemente mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a cargo de persoal especializado na atención ás vítimas deste delito denominado xa a nova escravitude do século XXI.

Ademáis destas actuacións levouse a cabo outra actuación nos concellos, denominada Programa MUMAI: Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero. Abordaxe da igualdade e da prevención violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia.

Por outra banda, o Goberno galego apoia a aquelas entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade a través dunha orde de axudas para o desenvolvemento das súas actividades á que concorren asociacións específicas de mulleres rurais e asociacións que presentan programas específicos para elas. En 2017 estes programas recibiron un financiamento de 227.744 €.

Lembrar, tamén, o apoio outorgado ao asociacionismo feminino e participación das mulleres. Das 94 asociacións de mulleres que recibiron subvención no marco desta Orde da Secretaría Xeral de Igualdade foron 67 as asociacións de mulleres rurais, o que supón o 71,3%.

Ademais, a Xunta de Galicia colabora e participa con AGACA nas xornadas formativas para mulleres do medio rural. E durante este ano tamén colaborou coas xornadas formativas e informativas de empoderamento das mulleres rurais que organiza CLUN, Cooperativas lácteas Unidas.

En canto aos programas no ámbito da educación, cabe sinalar que coa posta en marcha do PDR 2014-20 no ano 2016 empezouse a traballar no deseño de liñas de axudas e accións de formación dirixidas especificamente aos principais colectivos que conforman o tecido social do medio rural.

No ano 2017 iniciáronse accións de formación dirixidas aos mozos e mozas do rural galego para incentivar a incorporación á empresa agraria coa que se pretende dar resposta ao relevo xeneracional necesario para a continuidade das actividades económicas no eido da produción primaria no rural.

En total no ano 2018 adicarase un orzamento de 824.000 € para accións de transferencia de coñecementos destinada especificamente ás mulleres do rural co obxectivo de mellorar as competencias profesionais das mesmas e impulsar o emprendemento da muller rural na procura da incorporación real da muller no tecido produtivo rural.

No que respecta a un módulo específico de igualdade estase a elaborar o mesmo nos programas de formación dos cursos de capacitación agraria para incorporación á empresa agraria, onde se está actualizando os contidos introducindo a perspectiva de xénero nos distintos módulos que o conforman.

Así mesmo estase a programar charlas de igualdade de xénero nos distintos centros de formación da Consellería do Medio Rural como complemento formativo dos ciclos de FP regradada que se están a impartir que se desenvolveran no segundo trimestre de 2018.

Por último, cómpre sinalar que das 140.930 explotacións rexistradas en Galicia, en 61.629 explotacións a titularidade corresponde a mulleres e en 79.301 a homes; é dicir, o 43,76% das explotacións galegas teñen como titular a mulleres e o 56,24 % a homes. No tocante ao número de explotacións de titularidade compartida, na nosa comunidade temos 17 casos, dentro da media estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:14
Nº Rexistro: 26763
Data envío: 22/02/2018 13:14:44.920

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:14:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26756
Data envío: 22/02/2018 13:13:23.247

Data 22/02/2018 13:13

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20423**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da derogación da Lei 1/2012, do 20 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia e a restauración das condicións laborais existentes antes da súa entrada en vigor, así como o establecemento coas organizacións sindicais dun calendario de recuperación do complemento específico ou concepto equivalente suprimido nas pagas extraordinarias de 2013, 2014, 2015 e 2016”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada os días 19 e 20 de decembro de 2017, polo conselleiro de Facenda ao dar resposta a interpelación do mesmo Grupo Parlamentario con número 20422”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26756
Data envío: 22/02/2018 13:13:23.247

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:13:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20443**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a valoración do Goberno galego en relación co uso de linguaxe lesbófoba polo alcalde de Valga durante o desenvolvemento dun pleno no mes novembro de 2017, e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto**”, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego rexeita calquera manifestación que vulnere o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero.

Por outra banda, cómpre sinalar que, segundo recolleron algúns medios de comunicación, dende o concello se indicou que a referida expresión empregada polo alcalde fora un erro léxico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:13
Nº Rexistro: 26754
Data envío: 22/02/2018 13:13:02.466

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:12:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20712**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento por parte da cidadanía galega das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero deben dirixirse a acadar a tolerancia cero da cidadanía ante este problema social.

Nesa tarefa é preciso que toda a cidadanía estea involucrada, recoñecendo a violencia de xénero coma un problema estrutural de extraordinaria importancia que, pola súa relevancia, require dunha resposta tamén estrutural e extraordinaria. Por iso, seguirase a traballar no eido da concienciación cidadá a través de campañas institucionais de sensibilización e outras accións de concienciación que impliquen a distintos axentes sociais na visibilización e rexeitamento desta lacra.

A Xunta de Galicia levou a cabo en 2017, as seguintes accións en municipios galegos, maioritariamente concellos do medio rural e, concretamente nos que están adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero:

- 1.- ‘Violencia de xénero e o novo contexto dixital’, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting...
- 2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autcapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de

actuación cara diversas situacións. O curso impártese por monitores e monitoras especialistas en defensa persoal e integrantes da Federación Galega de Loita.

3.- 'I'll be Watching You' II (Hei estar vixiándote II). Espectáculo lúdico-musical e pedagóxico que analiza os roles de xénero que transmiten as cancións de temática amorosa

4. Exposicións:

4.1.- 'Á Violencia de Xénero... Dille NON!', exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.

4.2.- 'Cartas de Amor', exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.

5.- Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- Charlas informativas sobre a violencia de xénero, a cargo de persoal do Centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.

7.- Charlas informativas sobre a trata de seres humanos, preferentemente mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a cargo de persoal especializado na atención ás vítimas deste delito denominado xa a nova escravitude do século XXI.

Ademáis destas actuacións levouse a cabo outra actuación nos concellos, denominada Programa MUMAI: Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero. Abordaxe da igualdade e da prevención violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia.

Por outra banda, o Goberno galego apoia a aquelas entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade a través dunha orde de axudas para o desenvolvemento das súas actividades á que concorren asociacións específicas de mulleres rurais e asociacións que presentan programas específicos para elas. En 2017 estes programas recibiron un financiamento de 227.744 €.



Así mesmo, cómpre sinalar tamén o apoio outorgado ao asociacionismo feminino e participación das mulleres. Das 94 asociacións de mulleres que recibiron subvención no marco desta Orde da Secretaría Xeral de Igualdade foron 67 as asociacións de mulleres rurais, o que supón o 71,3%.

Por último, polo que atinxe á formación e concienciación no ámbito escolar, cómpre lembrar que na actualidade, o Goberno galego está a avanzar na prevención da violencia de xénero no ámbito educativo da man do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Sobre a formación do profesorado e alumnado dos centros educativos, na súa maior parte, esta formación estará incluída nas actividades levadas a cabo no Plan Anual de Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Incidirase na formación en coeducación, mediante estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo, en orientación, con especial atención na construción de identidades libres de estereotipos de xénero así como na diversidade afectiva e sexual, sen esquecer a problemática da violencia de xénero no ámbito educativo.

No curso 2017-2018 destaca a posta en marcha dun novo ciclo formativo de Promoción de igualdade de xénero de FP que o CIFP A Xunqueira (Pontevedra) é o primeiro en ofertar.

Neste curso tamén se volve ofrecer aos centros educativos a materia de libre configuración autonómica, 'Igualdade de xénero', dirixida ao alumnado de 1º e 2º de ESO.

Por outra banda, a maiores destes itinerarios formativos, estanse a levar a centros educativos diversas actuacións que se enmarcan no Plan Proxecta: exposicións e obradoiros para axudar a recoñecer condutas sexistas ('Á Violencia de Xénero... Dille NON!' ou 'Cartas de Amor'), entrega de materiais de traballo sobre a igualdade de xénero aos centros (enmarcada na iniciativa 'as maletas viaxeiras') e campañas (por exemplo, en maio de 2017 desenvolveuse en colaboración con Pantallas Amigas unha campaña para concienciar á mocidade dos riscos do 'sexting' que dá continuidade a iniciativas anteriores neste eido).

No ámbito universitario, na segunda quincena de novembro de 2017, a Xunta de Galicia organizou as 'Xornadas de sensibilización e prevención da Violencia sexual na mocidade' nos sete campus galegos, en colaboración coas Unidades de Igualdade das tres Universidades galegas. O obxectivo das Xornadas foi a de previr futuros casos de violencia de xénero a través da formación en igualdade dos mozos e mozas galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:12
Nº Rexistro: 26751
Data envío: 22/02/2018 13:12:10.481

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:12:04



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13146**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proxecto elaborado pola Asociación Española de Maioristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) para a ampliación do IFEVI”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Feiral de Vigo, IFEVI, é un dos mellores escaparates cos que conta Galicia para a proxección dos produtos, os servizos e o traballo que desenvolven os principais sectores económicos galegos, e atraer novos investimentos. De feito, no calendario de actividades do recinto destacan dous grandes eventos de referencia a nivel europeo e internacional como son Conxemar e Navalia, que congregan a un número crecente de expositores e visitantes, facendo necesaria a súa ampliación.

Precisamente, para atender esta demanda e contribuír a abrir novas oportunidades de negocio para o noso tecido produtivo, a Xunta ten adxudicado o pasado ano un contrato para a execución das obras de ampliación das instalacións de IFEVI, que permitirán aumentar a superficie do recinto en 5.000 metros cadrados por preto de 3,25 millóns de euros, o que, ademais, terá un importante impacto na hostalería, restauración e comercio de Vigo e a súa contorna.

Estas obras dan continuidade aos traballos xa realizados por parte da Xunta. Deste xeito, a Administración galega levará investidos ao redor de 15 millóns de euros desde 2005 na modernización e mellora do recinto feiral.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:18
Nº Rexistro: 26783
Data envío: 22/02/2018 13:18:43.953

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:18:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13718**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a flota pesqueira de altura nos nosos estaleiros”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 22060 que tivo lugar na sesión plenaria do 6 de febreiro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-06?
part=dac42980-d566-4e75-98e2-684fe350b01f&start=13899](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-06?part=dac42980-d566-4e75-98e2-684fe350b01f&start=13899) .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:18
Nº Rexistro: 26779
Data envío: 22/02/2018 13:18:00.374

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:17:52



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13732**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“a participación do persoal investigador no deseño dun sistema de investigación de calidade e a situación de temporalidade laboral na que se atopan os investigadores”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego contou dende o primeiro momento co colectivo de investigadores para o deseño do sistema de investigación. Así, algunhas das alegacións formuladas ao proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma, por exemplo, polo colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal, foron aceptadas, de feito se inclúe a posibilidade de prórroga dos contratos e foron eliminadas as avaliacións pauper, malus, bonus ou eminens; así mesmo, para a redacción do proxecto contouse coa colaboración de persoal investigador.

Tamén foron aceptadas alegacións das Organizacións Sindicais con representación na Comisión de Persoal, de feito, na xuntanza celebrada o pasado 28 de marzo de 2017, o proxecto de Decreto tivo o voto a favor de UGT, a abstención de CC.OO e CSI-F e o voto en contra de CIG (por exemplo como consecuencia das alegacións sindicais modificouse o prazo previsto no artigo 7.2 e se modificou o artigo 27 de xeito que agora as avaliacións serán sempre motivadas).

Cómpre lembrar que os traballadores están representados polas organizacións sindicais do sector no que se negocian as cuestións de persoal e este tema negociouse con CIG, CCOO, CSIF e UGT lexítimos representantes dos traballadores. O que non se fai é negociar con cada un dos traballadores afectados nun tema xeral como pode ser este e menos facer un referendo para determinar cal é a opinión maioritaria sobre o tema. Ademais oíronse e estudáronse alegacións de colectivos e profesionais de todos os ámbitos da investigación que prestan servizo en todo tipo de entes dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, indicar que entendemos que o proxecto de Decreto viña a establecer unha mellora das condicións que actualmente ten o persoal investigador, non obstante, ante as inxerencias do persoal investigador, a Administración está estudando os diferentes modelos de desenvolvemento da “Ley de la Ciencia y Tecnología” nas diferentes CCAA e analizando as posibles alternativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:17
Nº Rexistro: 26778
Data envío: 22/02/2018 13:17:46.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:17:42



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13733**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a instalación de novos parques eólicos en Galicia e os contactos do goberno galego co sector enerxético e o goberno de España nesta materia”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia participa como membro do Consello Consultivo de Electricidade da Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC), e a súa postura ten sido que as novas poxas de renovables contribúan a impulsar a aposta que desde a Administración autonómica se está a facer polas enerxías renovables.

A estratexia do Goberno Galego a prol da dinamización do sector eólico está clara coa aprobación da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, que entre outros aspectos regula a declaración de interese especial de proxectos das poxas que se executen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020, os cales terán tramitación prioritaria e urxente, mantendo todas as garantías urbanísticas, xurídicas e medioambientais.

Polo tanto, a eólica galega ten unha oportunidade grazas a esta Lei e ás últimas poxas de enerxías renovables, que fan que Galicia poida superar os 4.000 MW en funcionamento en 2020.

Respecto aos compromisos industriais adquiridos polos promotores adxudicatarios de proxectos no concurso de 2010, mencionar que estes son inamovibles, tal e como queda reflectido na devandita Lei 5/2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:17
Nº Rexistro: 26777
Data envío: 22/02/2018 13:17:36.374

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:17:31



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 17112, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre “**as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa mala situación que presenta, no contexto nacional, o tecido produtivo galego en termos de gasto empresarial en novas tecnoloxías**”, (publicada no BOPG número 183 do 28 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a desenvolver a Axenda Industria 4.0, que ten como grande obxectivo impulsar a modernización e fortalecemento do tecido produtivo da nosa comunidade a través da incorporación de solucións tecnolóxicas e innovacións que aseguren a mellora da súa competitividade e diferenciación, así como a creación de máis valor engadido, entre outras medidas.

No marco do primeiro plan bienal desta planificación, a Administración galega ten impulsado accións por 143 millóns de euros - un 19% máis do previsto inicialmente - que beneficiaron a 4.200 empresas, contribuíndo á mobilización de 342 millóns e a que o desemprego no sector industrial se sitúen hoxe por debaixo dos datos de fai nove anos.

A incidencia da Axenda 4.0 na incorporación en tecnoloxías e solucións baseadas nas TIC foi salientable neses anos, pero prevese un novo pulo ao abeiro do segundo plan bienal (2017-2018), xa en marcha, que conta cun orzamento de 175 millóns de euros, é dicir, un 22 máis que no período anterior. Así pois, ademais de continuar co programa Reacciona TIC e convocar de novo as axudas para promover a formación específica e os investimentos en Industria 4.0, a Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar unha nova liña para apoiar proxectos colectivos de dixitalización nas pemes

destinando para iso un total de 5 millóns de euros.

O deseño deste novo programa de axudas á dixitalización provén dos Plans de Sistemas Sectoriais que realizan conxuntamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, e o Clúster TIC de Galicia, e que teñen como finalidade detectar as principais necesidades e oportunidades de dixitalización.

A maiores indicar que este ano se apoia con preto de 4,5 millóns de euros a dixitalización e modernización de empresas comerciais para adaptarse ás novas fórmulas de comercialización e ás tendencias do mercado, dando continuidade ao programa lanzado en 2014 que ten beneficiado a máis de 2.400 comercios galegos. Como novidade, mencionar que a liña se abre tamén aos obradoiros artesanais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26767
Data envío: 22/02/2018 13:15:32.529

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:15:27



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18021**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas actuacións de mellora levadas a cabo nas prazas de abastos galegas”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“ Esta iniciativa foi atendida na intervención do directora xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 23013 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2018 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-02-15?part=ea9b09b7-b9d9-4308-9cf0-5366d43e27cd&start=10041.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-02-15?part=ea9b09b7-b9d9-4308-9cf0-5366d43e27cd&start=10041)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:29
Nº Rexistro: 26795
Data envío: 22/02/2018 13:29:05.206

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:29:00



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21250**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fundamentación das supostas declaracións da Xunta de Galicia nas que se indica que non era necesario o sometemento da explotación mineira de San Fins ao trámite de avaliación de impacto ambiental, as razóns da Consellería de Economía, Emprego e Industria para non darlles resposta ás solicitudes de información pública ambiental referidas a esa mina e as súas previsións en relación co cumprimento da legalidade vixente ao respecto”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 22670 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2018 da Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-02-15?part=f6b2e63f-0b9d-465b-bcd8-a43af13aa1bf&start=2972.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:52
Nº Rexistro: 26917
Data envío: 26/02/2018 11:52:29.213

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 11:52:24



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12795**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o ISSGA, o 061 e a Consellería do Mar, en relación aos botiquíns nas embarcacións pesqueiras”**, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención da conselleira do Mar, con motivo do debate da iniciativa sobre o mesmo tema número 12796 que tivo lugar no Pleno celebrado o 12 de setembro de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:19
Nº Rexistro: 26789
Data envío: 22/02/2018 13:19:43.281

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:19:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22222**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3ª do 09/06/2017, as conclusións extraídas do mesmo polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 22220 que tivo lugar na sesión do 16 de febreiro de 2018 da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2018-02-16?part=540e36e4-d168-410a-8f59-e667d124bf5a&start=5548.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2018-02-16?part=540e36e4-d168-410a-8f59-e667d124bf5a&start=5548)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:11
Nº Rexistro: 26745
Data envío: 22/02/2018 13:11:06.903

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:11:02



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22239**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia contemplado no proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado e a estratexia negociadora a seguir co Goberno central”, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 22234, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada os días 6 e 7 de febreiro de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 10:49
Nº Rexistro: 26838
Data envío: 23/02/2018 10:49:07.689

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 10:49:02



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22271**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as do mesmo grupo , sobre **“a repercusión no orzamento de Galicia para o ano 2018 das medidas fiscais adoptadas polo Goberno do Estado, concretamente o recálculo das entregas a conta e a non prórroga do Imposto de Patrimonio”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Os orzamentos da comunidade autónoma de Galicia baséanse nos pagos a conta comunicados en xullo de 2017 con arreglo ás estimacións do MINHAFP. A circunstancia sobrevida da prórroga só altera o ritmo do pago das anteriores contías ata que se convertan en definitivas, ben pola aprobación extemporánea da LPGE, ben pola liquidación dos recursos do sistema.

En todo caso o presidente da Xunta xa anunciou, ante unha cuestión similar, que Galicia solicitaralle á Administración Xeral do Estado que se transfiran as entregas a conta definitivas por medio da aprobación dun decreto lei no caso de que non se aproben os PGE.

Por todo elo podemos afirmar que o plan financeiro da comunidade autónoma para 2018 desenvolverase consonte a súa aprobación no Parlamento de Galicia e non se verá afectado por esta circunstancia. Os orzamentos de Galicia executaranse tal cal foron aprobados sen realizar ningún axuste sobre eles, nin tan sequera provisional.

En canto a o Imposto sobre o Patrimonio (IP) é un tributo de carácter directo e natureza persoal que grava o patrimonio neto das persoas físicas, que se devindica o 31 de decembre de cada ano, autoliquidándose xunto ao IRPF.

No 2018 os suxeitos pasivos obrigados presentarán e ingresarán o IP correspondente a 2017 no que estaba prorrogado o devandito tributo.

É, por tanto, un imposto periódico, non instantáneo, e as circunstancias que determinan a súa tributación (patrimonio a ter en conta, normas xurídicas, etc) as marca a data de devengo, isto é, a norma existente a 31 de decembro de cada ano.

Así, cando o IP se restablece con carácter temporal no 2011, esta faise por un Real Decreto- Lei publicado no BOE o 17 de setembro de 2011 (entrada en vigor ao día seguinte).

Polo que o primeiro ano de devindicación a raíz de este cambio normativo foi o 2011, que se autoliquidou no 2012.

Polo tanto o feito de non ser obxecto de prórroga nas previsións de rango legal de peche de exercicio non implica necesariamente que non poida decidirse durante o 2018 a súa prórroga para ese mesmo exercicio. O determinante será a norma vixente a 31/12/2018, intre da súa devindicación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: c81408f4-48f3-be52-fac1-3b3dab51abf2

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:10
Nº Rexistro: 26744
Data envío: 22/02/2018 13:10:57.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:10:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22436**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as consecuencias da creación da Axencia Galega da Industria Forestal e o seu impacto na xestión forestal”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director da Axencia Galega da Industria Forestal, con motivo do debate da pregunta 22437 que tivo lugar na sesión do 9 de febreiro de 2018 da Comisión 7ª de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2018-02-09?part=3fb6c4f8-8623-452c-9293-03e15965f0ee&start=4313> .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:10
Nº Rexistro: 26743
Data envío: 22/02/2018 13:10:46.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:10:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22514**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que realiza a Xunta de Galicia da situación actual e futura da TDT en Galicia e das licenzas de frecuencias de emisión dee radio e televisión”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“Estas dúas canles privadas autonómicas, ás que se refire a pregunta, xunto coas televisións locais, adxudicadas nos anos 2005 e 2006 respectivamente, dispoñen, de conformidade coa Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dun prazo de catro anos (a contar desde o 31.12.2016), para materializar os compromisos asumidos nas ofertas presentadas e para acreditar o cumprimento das obrigas contidas no prego de bases e na normativa reguladora para a posta en marcha das emisións.

A Xunta de Galicia non cre que a non emisión de contidos supón un incumprimento das condicións que rexen as concesións de frecuencias de radio e televisión, polo anteriormente dito: as televisións autonómicas e locais de xestión privada dispoñen actualmente dun prazo de catro anos para materializar os compromisos asumidos nas ofertas presentadas, así como para acreditar o cumprimento das obrigas contidas no prego de bases e na normativa reguladora para a posta en marcha das emisións, que se contará a partir do 31 de decembro de de 2016.

Polo que respecta ás televisións locais adxudicadas no ano 2006, se lle aplica a antedita Lei 2/2017, do 8 de febreiro. En calquera caso, algunhas delas, dispoñen de autorización de posta en funcionamento, e atópanse emitindo. Polo que respecta ás licenzas de televisión local outorgadas no ano 2014, actualmente os licenciarios están -dentro de prazo- a cumprimentar os trámites recollidos nas bases do concurso no que se refire á aprobación de proxectos e realización das obras, para poder dispoñer finalmente da autorización de posta en funcionamento.

A Xunta de Galicia mantén contactos coa Secretaría de Estado de Telecomunicación e Sociedade da Información para coñecer a situación administrativa na que se atopan os expedientes referidos ás licenzas outorgadas, en canto aos proxectos técnicos e demais actuacións que están sometidos á competencia da Administración Xeral do Estado.

Sobre a cuestión de cal cre a Xunta que será o futuro da TDT en Galicia tendo en conta a situación actual, dicir que é difícil, nestes momentos, establecer un pronóstico acertado sobre o futuro das televisións, pois o sector da imaxe está a cambiar constantemente como consecuencia dos continuos avances no campo das novas tecnoloxías.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:10
Nº Rexistro: 26742
Data envío: 22/02/2018 13:10:33.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:10:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 10:48
Nº Rexistro: 26837

Data envío: 23/02/2018 10:48:57.939

Data 23/02/2018 10:48

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22700**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Non consta ningún convenio, subvención ou axuda outorgada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos que se mencionan na iniciativa durante o ano 2017”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 10:48
Nº Rexistro: 26837
Data envío: 23/02/2018 10:48:57.939

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 10:48:53

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22704**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos convenios, subvencións ou axudas outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos que se mencionan na iniciativa durante o ano 2017 infórmase o seguinte:

- Ao Concello de Santiso concedéronse 34.591 € en virtude do programa de rehabilitación de vivendas de mestres.
- O Concello de Vilasantar asinou, con data de 21 de xullo de 2017, o convenio para a súa adhesión ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 10:48
Nº Rexistro: 26836
Data envío: 23/02/2018 10:48:38.986

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 10:48:25



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22772**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non establecer máis tributos sobre os custos ambientais de determinadas actividades que inciden no medio ambiente, as razóns da inexistencia dalgún para a utilización de bolsas de plástico dun só uso e as súas previsións respecto do aumento dos gravames vixentes”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª, do 15.02.2018, pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, ao darlle resposta á pregunta 22771 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:10
Nº Rexistro: 26741
Data envío: 22/02/2018 13:10:22.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:10:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22895**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os criterios que vai seguir a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para modificar o número de unidades dos centros públicos de ensino, as súas intencións referidas á consideración dos contornos rurais para reverter a perda de servizos educativos e as súas previsións respecto do desenvolvemento dalgún proceso de desagregación, desdoblamento, transformación, integración ou cambio de ensinanzas para o curso 2018/2019”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta 22893 na comisión 4ª do 22.2.2018, formulada polos/as mesmos/as deputados/as e sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 82e6d0b2-5486-d5f3-4ac2-50a8246b6258

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:51
Nº Rexistro: 26914
Data envío: 26/02/2018 11:51:58.447

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 11:51:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23046**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non adoptar ningunha medida para evitar a progresiva deterioración que padece o túnel romano de Montefurado, no concello de Quiroga e non iniciar o expediente para a súa catalogación como ben de interese cultural, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento de Galicia -na sesión da Comisión 4ª do 8.02.2018- ao darlle resposta á pregunta 23047 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:10
Nº Rexistro: 26740
Data envío: 22/02/2018 13:10:11.855

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:10:06



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23251**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co cumprimento do acordo parlamentario referido á inclusión na oferta educativa do bacharelato da Historia da Filosofía como materia troncal, así como a realización polo Goberno galego dalgunha xestión diante do Ministerio de Educación para propiciar un debate, no marco do Pacto educativo, en relación coa situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa supervivencia”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23502 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:10
Nº Rexistro: 26739
Data envío: 22/02/2018 13:10:00.637

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:09:55



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23254**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao López, sobre **“a data prevista para a publicación do decreto que inclúa na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23502 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:09
Nº Rexistro: 26738
Data envío: 22/02/2018 13:09:50.433

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:09:45



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:09
Nº Rexistro: 26737
Data envío: 22/02/2018 13:09:40.043

Data 22/02/2018 13:09

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23478**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a activación do plan de continxencias polo vertido provocado o de 5 de xaneiro 2018 polo mercante porta contedores con bandeira de Liberia MSC ELOANE**”, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª, do 16.02.2018, pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, ao darlle resposta á pregunta 23479 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:09
Nº Rexistro: 26737
Data envío: 22/02/2018 13:09:40.043

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:09:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:09
Nº Rexistro: 26736

Data envío: 22/02/2018 13:09:30.105

Data 22/02/2018 13:09

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23503**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia encamiñadas a incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como materia troncal, segundo o acordo adoptado polo Pleno do Parlamento do 18 de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23502 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:09
Nº Rexistro: 26736
Data envío: 22/02/2018 13:09:30.105

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:09:20



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23711**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **os criterios seguidos pola Xunta de Galicia para a elaboración da proposta de nova zonificación escolar de Vigo, así como a participación de entidades e colectivos nela**”, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22095 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:09
Nº Rexistro: 26735
Data envío: 22/02/2018 13:09:14.886

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:09:08



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23832**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo , sobre **“a realización polo Goberno galego dalgún estudo respecto do estado de conservación do túnel romano de Montefurado, situado no concello de Quiroga e/ou as actuacións previstas para a súa preservación”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento de Galicia -na sesión da Comisión 4ª do 8.02.2018- ao darlle resposta á pregunta 23047 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:09
Nº Rexistro: 26734
Data envío: 22/02/2018 13:09:03.558

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:08:59



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23906**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a valoración do Secretario Xeral de Política Lingüística respecto da distribución pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de agasallos nos que se exclúe o uso da lingua galega”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) ten entre as súas funcións a atención axeitada ao doador, en todos os ámbitos comprendidos no proceso de doazón. No desempeño do seu labor, a Axencia procura ser respectuosa e responsable co uso dos dous idiomas oficiais na nosa Comunidade Autónoma. Este coidado atinxe tanto á fase previa como á posterior á doazón, e esténdese a todos os ámbitos involucrados na súa actividade, dende a información facilitada no ámbito médico (trípticos informativos) e os aspectos loxísticos (anuncio das colectas) ata as distintas canles de comunicación cos doadores (redes sociais, correo convencional ou electrónico, SMS) ou ás campañas de comunicación.

Nos agasallos que completan a atención no proceso de doazón, e materializan de forma simbólica o agradecemento a un acto solidario, altruísta, voluntario e xeneroso, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue tenta reflectir o mesmo trato profesional e respectuoso, cara ao doador e cara á lingua, que caracteriza o resto do proceso, personalizando os seus agasallos coa presenza da lingua galega.

No caso concreto da almofada para o rato do ordenador personalizouse coa lenda 'cada gota...conta', engadíndose nesa personalización o nome da Axencia. A proposta fíxose sobre unha maqueta, polo que a Axencia non se decatou de que no calendario interior, cun tamaño de letra moito menor, non estaban a se incluír as lúas e meses en galego. A este respecto, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue amosa a súa intención de extremar no futuro as precaucións para garantir a maior observancia das normas no uso da nosa lingua en todos os

casos, como por outra parte vén facendo ata o momento.

Dende o momento en que a Consellería de Sanidade tivo coñecemento deste incidente, déronse dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística, tal e como facemos con todos os órganos directivos da Xunta de Galicia, as instrucións pertinentes para proceder á substitución deste agasallo en todos os puntos (unidades móbiles e locais de doazón) nos que estaba a ser distribuído.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:08
Nº Rexistro: 26733
Data envío: 22/02/2018 13:08:54.371

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:08:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23922**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes no Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Arzúa”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás preguntas sobre o desenvolvemento do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021, sinalar a seguinte información de interese, de cara a aclarar os traballos realizados no Camiño Francés. Amais aproveitarase para comentar as deficiencias que se expoñen no paso do Camiño polo concello de Arzúa:

1. Obras de acondicionamento e sinalización do Camiño Francés para a súa adaptación á delimitación oficial do 2011

En xuño de 2016 remataron as obras integrais de acondicionamento e sinalización do Camiño Francés adaptándoo á delimitación oficial aprobada en el 2011.

A inversión foi superior a 1.000.000€.

Entre outras accións podemos destacar:

-Mouteiras vellas retiradas: 408 unidades

-Mouteiras novas colocadas segundo modelo novo: 598 unidades

-Cunchas en fachada colocadas: 132 unidades

-Varandas de madeira: 72 metros

- Acondicionamento de camiños: 540 metros (Portomarín) e 8.897 metros (Pedrafita, Samos, Sarria, Paradela e Arzúa)

2. Acondicionamentos puntuais

Dado que o camiño é unha obra permanentemente inacabada é preciso seguir acondicionando os tramos que sofren deterioro.

Así no inicio do 2017 acondicionáronse no Concello de Arzúa os treitos máis deteriorados polo importe de 33.000€

- Tramo Boente.
- Tramo Río Doroña
- Tramo O Raído e Preguntoño
- Tramo despois de Calzada

3. Accesibilidade do albergue de peregrinos en Ribadiso- Arzúa

Intervíronse 100.000€ nas obras de accesibilidade integral. Remataron a inicios deste ano 2018.

4. Obras de sinalización táctil nos albergues da ruta xacobeá. Camiño Francés.

A empresa ILUNION levou a cabo no 2017 a sinalización táctil de todos os albergues do Camiño francés polo importe de 53.000€

5. Convenio de colaboración con todos os Concellos do Camiño Francés

-Con dúas liñas de colaboración ata o ano 2019 e un importe global de 892.050€

Liña 1. Cunha contía de 30.400 €/ ano cada concello. Nesta liña teñen cabida as seguintes actuacións:

- Mellora das infraestruturas e bens do Camiño Francés no seu paso polos concellos relacionados para prestar unha boa acollida aos peregrinos (obras de conservación e reposición por razóns de urxencia; obras de mellora do Camiño e a súa contorna, como establecemento e



dotación de áreas de descanso...)

- Axuda da Axencia Turismo de Galicia en aqueles gastos nos que incorran os concellos do Camiño Francés para a atención aos peregrinos, tales como iluminación pública, recollida de lixos...

- Actividades de promoción turística do Camiño Francés e do fito xacobeo (folletos, publicacións...), así como o desenvolvemento de actividades culturais e turísticas que contribúan a súa promoción.

Liña 2. Cunha contía de 6.000€/anuais a cada Concello para:

-Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos peregrinos.

-Para esta actuación, os concellos deberán contratar persoal que conte con formación en turismo e con coñecementos do Camiño de Santiago para atender e dar información aos peregrinos, entre os meses de abril a setembro, ambos incluídos.

-Así mesmo deberán procurar a actualización continúa da información facilitada a través das páxinas web do concello referida ao Camiño Francés e do fito xacobeo.

6. Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos galegos do Camiño Francés para o desenvolvemento dun Itinerario Gastronómico e para outras actuacións que contribúan á promoción e mantemento do Camiño Francés.

Con tres liñas de colaboración ata o ano 2019 e un importe global de 286.967€.

Actuación 1. Desenvolvemento dun itinerario gastronómico polo Camiño Francés, a través da organización dunhas xornadas gastronómicas a desenvolver nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro.

Actuación 2. Adquisición pola Mancomunidade dun coche que permita percorrer o Camiño para comprobar o seu estado de conservación, así como detectar calquera posible incidencia que poida xurdir no seu trazado.

Actuación 3. Contratación dun técnico superior en información e comercialización turística;

técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado que desenvolva, entre outras, as seguintes actuacións para a Mancomunidade: desenvolvemento destino SICTEC; uniformización das ordenanzas locais relativas a temas como venta ambulante, envellecemento ou sinalización; desenvolvemento de tarefas de xestión para a Mancomunidade, ou calquera outra que contribúa á realización do obxecto da Mancomunidade e a promoción e posta en valor do Camiño Francés.

7. Contrato de mantemento do Camiño Francés

Asinado o 26 de xullo de 2017 polo importe de 229.543,67 €

O Servizo, ten por finalidade manter en todo momento os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, mediante a execución das operacións, tarefas e atencións periódicas necesarias, operacións vixilancia, operacións correctivas, operacións programadas, operacións non programadas, seguimento e control, operacións sistemáticas normativas, preventivas, de limpeza, etc.

Amais é importante ter en conta a cantidade que anualmente perciben os concellos que, son igualmente, competentes en mantemento do Camiño.

Centrándonos agora no Concello de Arzúa e as deficiencias nesta pregunta salientadas informamos:

Incidencia 1. O pavimento empedrado en Boente está en mal estado, provocando caídas das persoas peregrinas.

Como se sinalou antes en Boente actuouse no ano 2016 e 2017. O Camiño Francés o seu paso polo núcleo rural de Boente presenta un pavimento de lousas irregulares ao longo dunha lonxitude aproximada de 80 metros nada máis cruzar a N-547 dirección Santiago de Compostela.

O acabado superficial do pavimento é irregular, propio deste tipo de superficie, e a ausencia puntual de lousas debido ao tránsito de vehículos por dita superficie estanse a repoñer continuamente a través do contrato de mantemento.

O estado actual do camiño e o seguinte:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:08
Nº Rexistro: 26732
Data envío: 22/02/2018 13:08:29.089



O pavimento **existente é propio do entorno**, acorde coas edificacións existentes na entrada do núcleo rural de Boente.

Incidencia 2. O pavimento de Ribadiso están en mal estado, levantado nalgúns tramos, o que provoca caídas das persoas peregrinas.

O Camiño Francés na chegada ao albergue público para peregrinos de Ribadiso, no PK 41,456 presenta un pavimento de lousas irregulares mesturadas con pavimento de firme asfáltico.



O estado actual no que se atopa o camiño é o seguinte:



As raíces das árbores produce afeccións sobre o pavimento, provocando que perda regularidade. O estado actual do firme existente non impide o paso dos peregrinos.

Incidencia 3. Falla de saneamento na zona do albergue público de Ribadiso.

1. No ano 2017 executouse o novo sistema de depuración por oxidación do albergue que solucionaba os problemas de vertido existentes debido ao mal funcionamento da fosa séptica.

48.086,39 € IVE (incluído)



Incidencia 4. Mal estado do Camiño entre a taberna vella e a Calzada na parroquia de Burres.

O Camiño Francés ao seu paso por Burres posúe un firme de pavimento en saburra afectado pola maquinaria pesada e os temporais que obriga a actuacións constantes.



O paso dos peregrinos non está impedido pero presenta problemas coa acumulación de augas e formación de lodos ao longo dunha lonxitude de 200 metros que está previsto solucionar como se realiza periodicamente.



Incidencia 5. Falla de soterramento do tendido eléctrico.

As obras sobre a rede eléctrica non son competencia de Turismo.

Outras Deficiencias sinaladas na pregunta:

Deficiencia 1. Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo un estudo de todos os cruces perigosos existentes (tanto de estradas nacionais, como da Xunta de Galicia e das diferentes Deputacións) ao longo dos aproximadamente 1500 km que compoñen a rede de Camiños de Santiago.

O obxectivo deste estudo é solucionar da forma máis axeitada posible, dende o punto de vista da seguridade para os peregrinos e peóns, a seguridade do camiño ben instalando sinalización

de cruce, sinalización luminosa, sinalización de tramo común, sinalización de cruce perigoso... ou propoñendo unha ruta alternativa sempre e cando sexa posible.

Un bo exemplo deste tipo de actuacións témolo no Camiño Francés a altura de Santa Irene, no cruce co nacional N-547, na contorna do PK 22,644 do camiño. Neste punto propúxose unha alternativa o camiño principal mediante un camiño complementario que discorre separado da calzada da estrada e sen necesidade de cruzala. No punto onde se dividen os camiños instalouse un panel informativo no que se reflicten as dúas opcións e onde se sinala a perigosidade do cruce existente.

Estas actuacións necesitan autorización da Dirección Xeral de Patrimonio dado que en todo caso, a sinalización de turismo adaptase á delimitación oficial.

Deficiencia 2. Deficiencia na sinalización do Camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do Camiño.

A Axencia de Turismo de Galicia a través dos diferentes proxectos de rehabilitación de camiños de Santiago (Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño do Norte, Camiño Portugués, Camiño Fisterra Muxía...) e do contrato de conservación do camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia, está levando a cabo a mellora da sinalización dos camiños mediante a retirada das mouteiras en mal estado e colocando o modelo homologado de mouteira en todos os camiños, a retirada de cunchas e frechas en mal estado e fóra de situación polos novos modelos homologados.

Deficiencia 3. Animais abandonados en tramos do camiño.

Esta é unha competencia municipal.

Deficiencia 4. Na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta

Todos os albergues da rede pública contan con wifi libre e aberta para os usuarios; a calidade da conectividade varía en función da zona territorial na que se ubique o albergue.

Deficiencia 5. Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.

As fontes públicas son unha competencia municipal.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:08
Nº Rexistro: 26732
Data envío: 22/02/2018 13:08:29.089

Deficiencia 6. Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados

Turismo de Galicia promove unha acción promocional conxunta de Galicia e do Camiño de Santiago nas diversas feiras que participa e na edición de folletos e outros materiais. As Mesas do Camiño que se realizan coas Deputacións e concellos de Pontevedra, Lugo e Ourense son o lugar axeitado para traballar neste ámbito promocional.

Deficiencia 7. Escaso apoio da Consellería de Cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño

Turismo de Galicia traballa xunto coa Consellería en varias iniciativas a prol do Camiño e a súa promoción, destaca o recentemente convocado Cultura no Camiño.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 54ecad33-c755-4fb9-b2a4-a65e0eacbe89

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:08
Nº Rexistro: 26732
Data envío: 22/02/2018 13:08:29.089

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/02/2018 13:08:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23923**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes nos Camiños de Santiago ao seu paso polo Concello de Melide”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás preguntas sobre o desenvolvemento do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021, Turismo de Galicia pasa a sinalar a seguinte información de interese, de cara a aclarar os traballos realizados no Camiño Francés. Amais aproveitarase para comentar as deficiencias que se expoñen no paso do Camiño polo concello de Melide.

1. Obras de acondicionamento e sinalización do Camiño Francés para a súa adaptación á delimitación oficial do 2011

En xuño de 2016 remataron as obras integrais de acondicionamento e sinalización do Camiño Francés adaptándoo á delimitación oficial aprobada en el 2011.

A inversión foi superior a 1.000.000€.

Entre outras accións podemos destacar:

- Mouteiras vellas retiradas: 408 unidades
- Mouteiras novas colocadas segundo modelo novo: 598 unidades
- Cunchas en fachada colocadas: 132 unidades
- Varandas de madeira: 72 metros

2. Accesibilidade

Inverteuse para a accesibilidade do albergue de Melide un total de 80.000€

3. Obras de sinalización táctil nos albergues da ruta xacobeá. Camiño Francés.

A empresa ILUNIÖN levou a cabo no 2017 a sinalización táctil de todos os albergues do Camiño francés polo importe de 53.000€

4. Convenio de colaboración con todos os Concellos do Camiño Francés

-Con dúas liñas de colaboración ata o ano 2019 e un importe global de 892.050€

Liña 1. Cunha contía de 30.400 €/ ano cada concello. Nesta liña teñen cabida as seguintes actuacións:

- Mellora das infraestruturas e bens do Camiño Francés no seu paso polos concellos relacionados para prestar unha boa acollida aos peregrinos (obras de conservación e reposición por razóns de urxencia; obras de mellora do Camiño e a súa contorna, como establecemento e dotación de áreas de descanso...)
- Axuda da Axencia Turismo de Galicia en aqueles gastos nos que incorran os concellos do Camiño Francés para a atención aos peregrinos, tales como iluminación pública, recollida de lixos...
- Actividades de promoción turística do Camiño Francés e do fito xacobeo (folletos, publicacións...), así como o desenvolvemento de actividades culturais e turísticas que contribúan a súa promoción.

Liña 2. Cunha contía de 6.000€/anuais a cada Concello para:

- Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos peregrinos.
- Para esta actuación, os concellos deberán contratar persoal que conte con formación en turismo e con coñecementos do Camiño de Santiago para atender e dar información aos peregrinos, entre os meses de abril a setembro, ambos incluídos.
- Así mesmo deberán procurar a actualización continúa da información facilitada a través das páxinas web do concello referida ao Camiño Francés e do fito xacobeo.

5. Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos galegos do Camiño Francés para o desenvolvemento dun Itinerario Gastronómico e para outras actuacións que contribúan á promoción e mantemento do Camiño Francés.

Con tres liñas de colaboración ata o ano 2019 e un importe global de 286.967€.



Actuación 1. Desenvolvemento dun itinerario gastronómico polo Camiño Francés, a través da organización dunhas xornadas gastronómicas a desenvolver nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro.

Actuación 2. Adquisición pola Mancomunidade dun coche que permita percorrer o Camiño para comprobar o seu estado de conservación, así como detectar calquera posible incidencia que poida xurdir no seu trazado.

Actuación 3. Contratación dun técnico superior en información e comercialización turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado que desenvolva, entre outras, as seguintes actuacións para a Mancomunidade: desenvolvemento destino SICTEC; uniformización das ordenanzas locais relativas a temas como venta ambulante, embelecemento ou sinalización; desenvolvemento de tarefas de xestión para a Mancomunidade, ou calquera outra que contribúa á realización do obxecto da Mancomunidade e a promoción e posta en valor do Camiño Francés.

6. Contrato de mantemento do Camiño Francés

Asinado o 26 de xullo de 2017 polo importe de 229.543,67 €

O Servizo, ten por finalidade manter en todo momento os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, mediante a execución das operacións, tarefas e atencións periódicas necesarias, operacións vixilancia, operacións correctivas, operacións programadas, operacións non programadas, seguemento e control, operacións sistemáticas normativas, preventivas, de limpeza, etc.

Amais é importante ter en conta a cantidade que anualmente perciben os concellos que, son igualmente, competentes en mantemento do Camiño.

Centrándonos agora no Concello de Melide e as deficiencias nesta pregunta salientadas informamos:

INCIDENCIA 1. ACUMULACIÓN DE ESCOMBROS A CARÓN DUN REGO POLO QUE DESCORREN AUGAS SUCIAS.

Percorrido o Camiño Francés o seu paso polo núcleo rural de Furelos non se detectaron incidencias relacionadas coa acumulación de escombros.

O único punto onde se detectaron escombros foi a saída de Furelos en dirección cara Melide nunha finca de propiedade privada, atopándose o camiño francés libre de lixo.

A Axencia de Turismo de Galicia a través do contrato de Conservación do Camiño Francés traballa para a eliminación de cascallos, restos vexetais, restos animais, e todo tipo de residuos existentes na traza do camiño.

Os problemas relacionados co saneamento non son competencia da conservación senón do titular do servizo no seu caso o Concello



INCIDENCIA 2. FIRME MOI DESIGUAL QUE PROPICIA TROPEZOS E CAÍDAS DOS PEREGRINOS



O pavimento que posúe o camiño Francés o seu paso polo núcleo rural de Furelos está composto de lousas irregulares embebidas en morteiro de cemento.


O seu acabado superficial e irregular propio deste tipo de material e presenta perda dalgunhas pezas na parte inicial do Camiño Francés en Furelos.

O pavimento existente e propio do entorno, acorde coas edificacións e da ponte medieval existente na entrada do núcleo rural de Furelos.



O estado actual que presenta o camiño en Furelos é o seguinte:





INCIDENCIA 3. MAL ESTADO DO TREITO DO CAMIÑO DENDE A SAÍDA DE FURELOS CARA MELIDE

A saída do núcleo rural de Furelos en dirección Melide, entorno o PK 53 + 500 do camiño Francés atopamos un tramo de 50 m con presenza de fochas.



As fochancas existentes (4) interfiren no paso de vehículos pero non impiden o paso de peregrinos en dirección a Santiago.

O estado actual do pavimento é o seguinte:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26985
Data envío: 27/02/2018 09:00:25.739



O problema existente está causado polo paso de vehículos e transporte pesado cara o núcleo de Furelos, por ser esta unha das poucas vías de acceso a aldea

O temporal que aconteceu durante o mes de Xaneiro, unido a unha mala drenaxe da estrada favoreceu a aparición de fochancas que extralimita os traballos de conservación propios da traza do Camiño Francés.

INCIDENCIA 4. PONTE MEDIEVAL EN MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN A PESAR DE TERSE ANUNCIADO POLO MINISTERIO DE FOMENTO UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL

O estado actual no que se atopa a ponte e o seguinte:



CVE-PREPAR: 16875d90-6589-12b1-efc5-d248e30fb1f0

Non é competencia da Axencia Galega de Turismo o arranxo da ponte.

En conclusión, consideramos que as deficiencias indicadas nesta pregunta non suponen en absoluto un perigo para as persoas, e Turismo de Galicia referenda o seu compromiso no mantemento e conservación dos Camiños de Santiago, en continua mellora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26985
Data envío: 27/02/2018 09:00:25.739

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2018 9:00:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23929**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a cobertura de todos os profesionais sanitarios nas súas ausencias na Comarca das Mariñas, e, nomeadamente, no Servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Betanzos”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 22.02.2018- ao darlle resposta á pregunta 22928 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26897
Data envío: 26/02/2018 09:11:35.104

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:11:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23973**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o coñecemento polo Goberno galego das previsións futuras do Goberno do Estado respecto dos ferrocarrís de vía estreita en Galicia**”, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 23974, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 20 e 21 de febreiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26984
Data envío: 27/02/2018 09:00:00.552

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2018 8:59:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24255**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a valoración do Goberno galego das consecuencias da supresión do Servizo de Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día na zona de Ourense, e as medidas que vai adoptar ao respecto**”, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En outubro de 2013 o Sergas puxo en marcha unha Área de Servizo Compartido de Cirurxía Pediátrica para a Zona Sur de Galicia, formada polos complexos hospitalarios de Ourense e Vigo, co obxectivo de reforzar esta prestación no CHUO.

A Sección de Cirurxía Pediátrica do CHUO rexistra unha actividade cirúrxica, programada e urxente, dunhas 200 intervencións anuais (186 en 2016), o que representa a práctica totalidade da demanda cirúrxica e de consultas que se rexistra.

Para asumir esta actividade, ata febreiro do pasado ano, o CHUO contaba con dous cirurxiáns pediátricos propios, a tempo completo, co apoio dos servizos de Uroloxía e Cirurxía Xeral. Co traslado dun deles (por petición propia) en marzo de 2017, un único especialista continuou atendendo consultas e indicando a cirurxía. Actividade que se continuou desenvolvendo con normalidade desde o 21 de xuño grazas a colaboración do Servizo de Cirurxía Pediátrica de Vigo e o apoio do servizo de Cirurxía Xeral do CHUO. Pese a estas dificultades de persoal, en 2017 realizáronse 131 cirurxías programadas e 7 urxentes, cunha única derivación urxente ao Álvaro Cunqueiro.

Disto podemos concluír que se realizan desde Ourense a práctica totalidade das intervencións precisas, programadas e urxentes, á marxe daquelas que, pola complexidade ou curta idade/peso do paciente, son derivadas ao centro de referencia, por indicación da Sección de Cirurxía pediátrica do CHUO, como xa se viña facendo con anterioridade a 2013, entón ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Ademais, hai que subliñar que se continúa realizando unha intensa procura activa, para contratar a un cirurxián pediátrico máis. Procura de momento sen resultados ante o limitado número a nivel nacional destes especialistas, e a falta deles no mercado de traballo.

Non si, o obxectivo irrenunciable dos responsables da Xerencia de Xestión Integrada do Sergas en Ourense é manter no CHUO este servizo de xeito integral, resolutivo e autónomo, polo que explorará todas aquelas opcións posibles, para continuar evitando o desprazamento dos rapaces de Ourense a outra provincia para ser intervidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26896
Data envío: 26/02/2018 09:11:24.229

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:11:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24275**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da convocatoria de mobilizacións polas traballadoras do servizo de limpeza do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a súa opinión e as actuacións levadas a cabo en relación co posible incumprimento das condicións laborais pola empresa concesionaria, así como as súas previsións referidas á realización dalgún tipo de intermediación para arranxar este conflito laboral”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense instouse a concesionaria do servizo de limpeza, Ferrovial Servizos, á procura dunha pronta solución ao conflito laboral que mantiña cos seus traballadores, evitando que afectase ao mantemento do servizo contratado co Sergas.

Para contribuir a unha solución de consenso, a Xerencia do Sergas en Ourense ofreceuse a mediar entre ambas as partes, coas que mantén un contacto continuado, non sendo preciso xa que o conflito foi resolto satisfactoriamente, sen afectar a actividade asistencial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 12:24
Nº Rexistro: 26864
Data envío: 23/02/2018 12:24:37.459

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 12:24:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24525**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coas condicións nas que se atopa a nova Unidade de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como as medidas previstas para corrixir as deficiencias e as carencias de persoal detectadas nela dende o seu traslado ao Hospital Nosa Señora do Cristal”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas unidades de coidados paliativos a prioridade é proporcionar coidados físicos, psíquicos ou sociais ao paciente e á súa familia. Ourense conta cunha das primeiras Unidades de Coidados Paliativos que se puxeron en marcha en Galicia, comezou súa actividade no ano 1996, vinculada ao Hospital Universitario de Ourense naquel entón no edificio Piñor, e ata hai uns meses no H. Sta. María Nai.

Co seu traslado o pasado mes de novembro, a unidade de paliativos gañou en canto ao número de cuartos individuais, xa que na actualidade dispón de 6 individuais e 2 dobres, ademais de 5 camas reservadas para seu uso de paliativos na planta de oncoloxía do novo edificio.

Para a atención destes pacientes, a unidade de paliativos conta con 6 enfermeiras e 6 auxiliares de enfermería, dotación óptima en función ao número de pacientes e cargas de traballo.

A actual localización da unidade, no edificio Cristal, na mesma planta que o Servizo de Oncoloxía, localización escollida polo propio persoal deste servizo seguindo parámetros clínicos e funcionais, non só non empeora a situación anterior senón que a mellora substancialmente. De feito, agora, ao estar no mesmo núcleo de hospitalización, urxencias, unidade da dor, e probas diagnósticas ou analíticas, ningún paciente require de traslados en ambulancia, habituais con anterioridade, ou percorrer moita distancia desde a súa habitación.

O seu novo emprazamento non é unha zona de paso, xa que é unha área de acceso restrinxido. As instalacións melloraron substancialmente, cunha nova sala de estar de familiares, con espazo de descanso, aseos, duchas e televisión. Ademais, dentro da mesma unidade contan tamén cunha pequena sala de estar con cociña, a disposición das familias e todas as habitacións contan cun sofá cama completo a plena disposición dos acompañantes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 12:24
Nº Rexistro: 26863
Data envío: 23/02/2018 12:24:27.912

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 12:24:23



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 12:24
Nº Rexistro: 26862
Data envío: 23/02/2018 12:24:17.084

Data 23/02/2018 12:24

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24937**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas a adoptar pola Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 24936 que tivo lugar na sesión plenaria do 21 de febreiro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-21--2?part=f67fe6ef-4486-4671-af8f-07d42a55113f&start=6389.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-21--2?part=f67fe6ef-4486-4671-af8f-07d42a55113f&start=6389)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2da38414-2494-5fd9-79a4-538ac9ae0387

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 12:24
Nº Rexistro: 26862
Data envío: 23/02/2018 12:24:17.084

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 12:24:12



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24946**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación das listas de espera e a derivación de doentes no Sergas”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 22.02.2018- ao darlle resposta á pregunta 24944 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26902
Data envío: 26/02/2018 09:18:40.247

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:18:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26895
Data envío: 26/02/2018 09:10:49.729

Data 26/02/2018 09:10

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24963**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o nomeamento da ex-conselleira de Sanidade como directora xerente da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía do Sergas**”, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 17.01.2018- polo xerente do Sergas ao darlle resposta á pregunta 21721 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26895
Data envío: 26/02/2018 09:10:49.729

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:10:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25399**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde en Ribadavia durante a X lexislatura, os prazos estimados para o inicio das obras e posta en funcionamento do centro, así como o orzamento e a partida orzamentaria que vai destinar para ese fin no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 15.11.2017- polo xerente do Sergas ao darlle resposta á pregunta 19090 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 12:24
Nº Rexistro: 26861
Data envío: 23/02/2018 12:24:04.600

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/02/2018 12:23:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25820**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as novas adxudicacións feitas polo Sergas á empresa Ibérica de Mantemento S.A”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo integral de mantemento de equipamento electromédico é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar os equipos de electromedicina e as instalacións propias para o seu funcionamento en condicións óptimas, para conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e de forma máis eficaz e económica a longo prazo, así como prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñadas, mantendo os parámetros de seguridade e respetando os requerimentos do fabricante e as normas vixentes relacionadas co obxecto do contrato.

Efectivamente, o servizo adxudicouse por procedemento aberto garantindo a transparencia e libre concorrência á empresa Ibérica de Mantenimiento S.A. e unha vez rematada a duración do seu contrato cada unha das EOXS realizarán a licitación dos lotes correspondentes, en función do seu equipamento e das súas necesidades.

Os procedementos de contratación, salvo por razóns técnicas que o xustifiquen, teñen que ser abertos e de licitación pública. A oferta de Ibermansa foi a máis ventaxosa, tanto nas avaliacións de calidade coma na económica. Iberman SA, é unha empresa de mantemento que pode contratar coa administración xa que, neste momento, non está

incluída en ningún dos casos que regula a lei de contratos do sector público para que estea prohibido contratar con ela.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26894
Data envío: 26/02/2018 09:10:34.244

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:10:30



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26893
Data envío: 26/02/2018 09:10:11.916

Data 26/02/2018 09:09

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25832**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas a adoptar polo Goberno galego destinadas a solucionar as deficiencias no centro de saúde de Tui”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As deficiencias detectadas no PAC de Tui estanse a solucionar e desde a Consellería de Sanidade continuarase a revisar o estado de execución das mesmas hasta que se subsanen definitivamente.

A Consellería de Sanidade está sempre en disposición de escoitar aos profesionais e ter en conta as súas aportacións e poñelas en práctica para mellorar a prestación do servizo sanitario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 55996b83-cbd3-e6d8-33e7-7bf863119e49

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26893
Data envío: 26/02/2018 09:10:11.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/02/2018 9:09:49

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións**, respecto ao Plan anual de traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2018.

Recomendación núm.1

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a continuar aproximando os Informes da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, da Conta Xeral do Sergas e o Informe de actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ao exercicio en curso, con independencia da presentación dos restantes informes de fiscalización selectiva.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a manter con carácter periódico os Informes sobre a Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a que continúe avanzando nos traballos para facilitar a rendición telemática da Conta Xeral da Administración Autonómica no seo da comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma creada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/03/2018 18:12:43

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras da relación do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes ***Recomendacións ao Plan anual de actividades do Consello de Contas para 2018.***

Recomendación nº 1.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de actividades, un estudio sobre a fenda salarial entre homes e mulleres na administración pública galega e as repercusións desta, na economía e na sociedade do país.

Recomendación nº 2.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de actividades, un informe de fiscalización económica e de contratación do Festival do Xacobeo.

Recomendación nº 3.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de actividades, un informe económico de custe e resultados da axenda do Goberno galego no exterior ante a nula información concreta que sobre esta actividade

ofrece o Goberno galego, que unicamente traslada un documento coa relación de desprazamentos efectuados ao exterior.

Recomendación nº 4.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo, a realización dunha auditoría da débeda pública Galega que explique os condicionantes polos que esta se ten triplicado dende os comezo dos mandatos do PP.

Recomendación nº 5.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre o diferencial en termos de custo, que supón o financiamento das inversións a través do modelo de colaboración publico-privada en lugar de facelo directamente pola administración pública.

Recomendación nº 6.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe que permita coñecer o diferencial dos costes de endebedamento, que supón para Galicia acudir aos mercados financeiros en lugar de utilizar os mecanismos extraordinarios de financiamento establecidos polo Goberno Central.

Recomendación nº 7.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo, un informe sobre a situación contractual do persoal da Xunta de Galicia e do conxunto de entes, institutos e axencias públicas dependentes desta, de forma que se avalía a súa adecuación a realidade sociolaboral do país.

Recomendación nº 8.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un estudo detallado sobre a aplicación de cláusulas sociais nos contratos públicos de obras, servizos, colaboración sector público privado, de concesión de obras públicas e xestión de servizos da Xunta de Galicia, así como do grao de cumprimento das cláusulas técnicas dos mesmos.

Recomendación nº 9.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha relación detalla dos conceptos que nos orzamentos dos últimos anos que figurando como investimento que finalmente foron utilizados como gasto corrente.

Recomendación nº 10.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Fundación Cidade da Cultura.

Recomendación nº 11.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización do Contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo que inclúa unha avaliación do cumprimento do contrato ou os posibles incrementos de custes sobre as estimacións iniciais.

Recomendación nº 12.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de avaliación e control dos sistemas de prevención da corrupción da Xunta de Galicia e de tódolos organismos dependentes desta.

Recomendación nº 13.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría conxunta do total de servicios e medios do dispositivo de prevención e loita contra incendios forestais.

Recomendación nº 14.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría do proceso de contratación dos medios Aéreos do servizo de Gardacostas de Galicia e dos posibles sobrecustes do mesmo.

Recomendación nº 15.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre o baixo grado de execución dos fondos e programas destinados a promoción do emprego, así como das consecuencias socioeconómicas desta situación

Recomendación nº 16.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo a Fiscalización das contas da RTVG, con especial incidencia na repercusión nos custes da entidade do recurso a utilización da produción propia externa e allea.

Recomendación nº 17.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Consta incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos europeos destinados aos GAC aos obxectivos fixados

no programa coma a reactivación da actividade pesqueira e as economías das zonas costeiras.

Recomendación nº 18.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de actuación de 2018, inclúa un informe de fiscalización sobre a entidade Pública Portos de Galicia.

Recomendación nº 19.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, a realización dun informe de auditoría específico sobre o servizo de comedores escolares que inclúa a valoración do custe da externalización do servizo a través de concesións de catering.

Recomendación nº 20.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os concertos educativos, facendo especial incidencia nos centros que segregan alumnado en función do seu sexo.

Recomendación nº 21.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, execute un informe de fiscalización de actividades da comisión intermunicipal Razamonde-San Trocado que afectas aos concellos de Punxín, San Amaro e Cenlle.

Recomendación nº 22.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, inclúa a fiscalización sobre os mecanismos implantados para o período 2014-2020 dos fondos europeos, co obxectivo de corrixir os erros detectados nos informes de fiscalización do período 2007-2013.

Recomendación nº 23.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre o centro tecnolóxico da carne de Ourense.

Recomendación nº 24.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre a aplicación da lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración Xeral e do sector público autonómico de

Galicia (LOFAXGA) e do II Plan de Avaliación das entidades dependentes da Xunta de Galicia.

Recomendación nº 25.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos europeos da PAC destinados á industria forestal e da madeira aos obxectivos fixados no programa e o seu nivel de execución.

Recomendación nº 26.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos transferidos ao Cluster do Turismo para determinar se as actividades financiadas con orzamento público deberían ser asumidas pola Axencia de Turismo de Galicia.

Recomendación nº 27.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización para accións medioambientais dos tributos recadados polo Canon Eólico, o Imposto sobre o dano medioambiental das augas encoradas, o imposto sobre contaminación atmosférica e o Canon de saneamento.

Recomendación nº 28.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo e fiscalización, a elaboración dun informe da adecuación da utilización dos fondos públicos transferidos as empresas para actividades I+D+i no eido da contratación de persoal investigador formado (Post doutoral e investigador principal) e se estas actividades están a ser xestionadas e lideradas polo persoal investigador da empresa.

Recomendación nº 29.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo de fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os concertos sanitarios.

Recomendación nº 30.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os concertos relativos á prestación do servizo de hemodiálise.

Recomendación nº 31.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os convenios e doazóns con entidades sen ánimo de lucro co SERGAS.

Recomendación nº 32.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo de fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os contratos relativos ao “SocioTecnolóxico” do SERGAS.

Recomendación nº 33.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo de fiscalización, se realice un informe de fiscalización específico sobre os contratos e concertos da Fundación Pública Urgencias Sanitarias- 061.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Carmen Santos Queiruga

Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 02/03/2018 12:53:44

Antón Sánchez García na data 02/03/2018 12:53:59

Carmen Santos Queiruga na data 02/03/2018 12:54:06

Luis Villares Naveira na data 02/03/2018 12:54:14

Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes recomendacións ao Plan Anual de actividades do Consello de Contas para 2018.

Recomendación núm.1

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización específico dos contratos de publicidade e comunicación promovidos pola Xunta de Galicia durante os exercicios 2015, 2016 e 2017.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe específico de fiscalización e de auditoría operativa sobre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe sobre as axudas e convenios levados a cabo polo Goberno galego coas entidades locais e institucións delas dependentes, co obxecto de verificar a súa concesión en virtude de criterios obxectivos, avaliáveis e non discriminatorios, ditaminando a posible ilegalidade ou falla de xustificación das subvencións outorgadas sobre a base, unicamente, da súa orde de entrada no Rexistro ata a finalización do crédito preestablecido.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas para que realice un informe sobre o custo dos concertos hospitalarios realizado polo Servizo Galego de Saúde, no que inclúa o custe global concertado con cada hospital, así como o

Grupo Parlamentario

custe por servizo concertado con indicación expresa da comparativa entre o custe do servizo realizado nun hospital público e nun centro concertado, e o volume que estes concertos supoñen con respecto ao orzamento do Sergas.

Recomendación núm. 5

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas para que realice un informe de fiscalización sobre a Axencia Galega de Innovación.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización dos procesos de contratación da Axencia Galega de Turismo.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance de xestión, execución e cumprimento de obxectivos dos programas operativos dos Fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2007-2013.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance provisional de xestión, así como do grao de execución dos programas operativos dos Fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2014-2020.

Recomendación núm 9

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar o informe de fiscalización de cada unha das confrarías de pescadores.

 Grupo Parlamentario

Recomendación núm 10

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre os contratos de concesión 2009-2017, así como sobre os costes económicos do servizo de gardacostas marítimo de Galicia durante os anos 2009-2017.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Recomendación núm 11

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a situación económica dos concellos de Cerdedo e Cotobade dende o ano 2009 ata a súa fusión e sobre a situación económica do Concello de Cerdedo-Cotobade dende a súa fusión ata o ano 2017.

Recomendación núm 12

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a situación económica dos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras dende o ano 2009 ata a súa fusión e sobre a situación económica do Concello de Oza-Cesuras dende a súa fusión ata o ano 2017

Recomendación núm 13

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a que elabore un informe de fiscalización selectiva sobre a situación económica do Concello dos Blancos dende o ano 2009.

Recomendación núm 14

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a actual situación económico-financeira do Concello de Miño (A Coruña) derivada das actuacións urbanísticas iniciadas en 2001, no sector Perbes-San Xoán de Vilanova, para a promoción pola inmobiliaria FADESA do proxecto Costa Miño-Golf.

Grupo Parlamentario

Recomendación núm 15

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre o servizo integral de helicópteros destinados á prevención e defensa contra os incendios forestais adxudicado pola Consellería de Medio Rural á UTE Inaer Galicia (actualmente Babcock) Natutechnia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Recomendación núm 16

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre dos programas de gasto da función 32-Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo- dos exercicios 2015 e 2016.

Recomendación núm 17

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre dos programas de gasto da función 56-Investigación, desenvolvemento e innovación- dos exercicios 2015 e 2016.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2018 13:35:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:54
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 02/03/2018 13:54:06.284

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **recomendacións en relación co Plan anual de actividades do Consello de Contas para 2018**.

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha fiscalización profunda da macroconcesión de 2014 a Ferrovial para o servizo de xestión integrada de varios servizos non asistenciais do Complexo Hospitalario de Ourense así como do grao de cumprimento das súas cláusulas.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha auditoría do proceso de contratación do Son do Camiño así como unha supervisión das súas cláusulas de contratación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:54
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 02/03/2018 13:54:06.284

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha fiscalización detallada do grao de cumprimento das condicións das subvencións outorgadas por parte das entidades públicas galegas a Autismo Ourense.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo á AXEGA, Axencia Galega de Emerxencias con especial atención ás súas contratacións, adquisicións de material e convenios de colaboración e coa inclusión dun informe no que se avalíe a á súa política de transparencia.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización o proceso concursal para o servizo autonómico de salvamento marítimo con helicópteros e elaborar unha avaliación sobre a anterior venta dos helicópteros por parte da Xunta de Galiza e a súa repercusión para as arcas públicas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:54
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 02/03/2018 13:54:06.284

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe no se someta a fiscalización a contratación dos medios aéreos do dispositivo de extinción de lumes forestais.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a xestión dos Obradoiros de Emprego financiados pola Xunta de Galiza.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a cabo unha fiscalización específica en relación aos concertos educativos, a comezar polas entidades segregacionistas e con especial atención á análise dos criterios aplicados para outorgar ou non as axudas económicas.

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría dos procesos de contratación dos servizos de comedores escolares de xestión indirecta.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:54
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 02/03/2018 13:54:06.284

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización das contratacións levadas a cabo a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA).

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas que dentro do Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo inclúa unha análise sobre o incremento de custes respecto do inicialmente estimado de cara a avaliar a carga real que suporá para a facenda pública.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a someter a un informe de fiscalización as axudas concedidas polo goberno galego ao sector industrial da automoción a través do IGAPE e das subvencións da Xunta de Galiza desde o ano 2009.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:54
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 02/03/2018 13:54:06.284

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización sobre o endebedamento da Xunta de Galiza, analizando especialmente a débeda e obrigas contraídas mediante fórmulas de financiamento público privado e as repercusións para as arcas públicas de non ter optado por alternativas de financiamento diferentes á banca privada.

Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar a fiscalización da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría do proceso de adxudicación do novo Plan de Transporte.

Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun estudo no que mediante auditorías específicas avalíe a política de convenios que establece a Xunta de Galiza con entidades externas, con especial atención aos criterios de obxectividade e transparencia. Así mesmo, a incluír parámetros



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:54
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 02/03/2018 13:54:06.284

para a avaliar a equidade no reparto dos convenios asinados cos concellos galegos.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/03/2018 13:43:28

Ana Pontón Mondelo na data 02/03/2018 13:43:33

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727